


teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

O
SPRINT



Milleiros de galegos como vostede están lendo este anuncio.



Milleiros de galegos que compar-
ten con vostede unha inquedanza
polos problemas e o futuro do seu
país.

Milleiros de homes que consti-
tuen si dúbida ningunha o sector
mais concienzado do noso pobo...
Por eso, cando vostede decide
anunciarse en TEIMA non está a
facer un gasto sen outra contra-
partida que a satisfacción persoal
de apoiar unha causa.

Está a facer a inversión máis ren-

tábel prá súa empresa:
a publicidade.

¿Interésalle dar a coñocer os seus
productos?

¿Quere millorar a súa imaxe
empresarial?

TEIMA ofrécelle un canle. Non o
desaproveite.

As nosas tarifas e condicións de inserción serán
pra vostede un motivo de agradable sorpresa.
Pídaas á súa axencia habitual ou ó noso Depar-
tamento de Publicidad.
Rúa do Hórreo, 94 Santiago.

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL



4 Informe. O sprint.

- Os candidatos anali-
zan a campaña electo-
ral.
- Os programas que vos-
tede votou.

12 Sucede no país.

- Miño, aínda: unha ma-
rismas popular.
- As Pontes: marcha
contra a central.
- Merza: dazasete anos
de penitencia.
- Pedrafita: os pais to-
maron a escola.
- Conversa con Camilo,
bispo galego no Pal-
mar de Troya: «Non
está lonxe unha nova
guerra civil».

20 Pobos Ibéricos

23 Vieiros

26 Os Eidos

30 Cultura

34 Cartas á Dirección

pola nosa banda

Tempo prá esperanza

Estas liñas saen á rúa, precisamente, poucas horas despóis de rematados os primeiros comicios electorais que, en corenta anos, nos foi dado levar adiante logo da máis negra e profunda ditadura. Neles, mesmo, homes que tiveron nas súas mans —arrinconados nas máis diversas poltronas do franquismo— a posibilidade de faceren, tan siquera do xeito máis cativo, máis doada a existencia dos galegos e que non exerceron neste senso, presentáronsenos como unha verdadeira tromba diante dos nosos atónitos ollos coma abaneirados da máis deslumbrante democracia. De todo houbo na campaña electoral que acaba de rematar coas votacións. O pobo galego, asoballado hastra o indecible, con séculos de pedra ardente enriba do lombo, desvivindo día a día na súa miserábel existencia pola gracia dunha Administración que non nos entende, ben puido decir nesta ocasión que estaba farto. Que estaba farto e berrar que xa está ben. Que xa está ben de emigracións e deinamita baixo da terra, de mentiras e promesas incumplidas, de gaiolas, fame e escuridade. Ben puido, mesmo, negarse a segui-lo unha vez máis. Pro non o fixo: vivas aínda as esperanzas, o pobo galego tivo folgos unha vez máis pra lle deixar espacio á credibilidade. Horas despóis de rematados os primeiros comicios electorais logo da máis ensañada ditadura que ningún vello pode lembrar, a estas alturas están a piques de saír á luz pública os nomes dos novos persoeiros. Senadores e congresistas, algún saíra —con sorte— da xorda loita que Galicia resolve minuto a minuto, dende hai bastantes anos, por se ver con voz e voto na realidade. Neses homes, grabadas coa esperanza de todo un pobo, na fronte, nos ollos e nos beizos, con eles camiñan as palabras que fixeron da campaña unha festa electoral: os programas de todos eles e as promesas van ser, en adelante, a proba das máis graves responsabilidades. Senadores e congresistas, Galicia vai estar segundo a segundo pendente do máis mínimo paso voso, do máis cativo xesto. Cando estas liñas saen á rúa, cando as papeletas cobran vida aínda nas novas urnas... en Galicia cabe o tempo da esperanza. E do creto. A pesar dos comenzos, a pesar dunha democracia que aínda está por ver e que, todos, todos, todos, témola que facer, Confresistas e senadores, ¡ollo! Os intereses de Galicia poráñse ó descuberto.

Edita a Sociedade Galega de Publicación.

Director: Anxel Vence Lois

Xefe de Redacción: Antón López Mariño.

Reportaxes: Perfecto Conde Muruais.

Entrevistas: Xavier Navaza Blanco.

Cultura: Luis Alvarez Pousa.

Información do estado e do mundo: Xosé M. García Palmeiro.

Redacción na Coruña: Manuel Rivas.

Redacción en Vigo: Víctor Fernández Freixanes.

Corresponsais: Guillermo Campos (Pontevedra) Xosé Platero Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo) e Xosel Vilela (A Coruña).

Prestan a súa asesoría: Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinio), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste

(Medicina). Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca), Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilarinho, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía), César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo), Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

Traballan connosco as axencias: Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

Enviannos información do Estado e do mundo: Roxelio Martínez, (Madrid), Carlos Porto (Lisboa), Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya), Gregorio Gálvez (Euzkadi), A. Ramos Espejo (Andalucía), Equipo Andalan (Aragón), Vicent Ventura (Pais Valenciá), Equipo Cort (Balears), Ramón Luis Chao (París), F. Pérez-Barreiro (Londres), Domingo Fernández (Buenos Aires), Emilia Vázquez (Santiago de Chile), Baldozero Cores (Puerto Rico), Fernando Pereira (Montevideo).

Fotografía: Manuel Yáñez, Xurxo S. Lobato, Luis Gaiol.

Dibuxan: Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.

Cartografía: Mario L. Rico

Confeciona e fai as portadas: Xosé M^a G. Vilasó

Supervisan o idioma con normas provisórias: Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

Xerente: Carlos Vázquez

Xefe de Publicidade: Xosé M. Rodríguez Iglesias

TEIMA imprímese no prelo comercial de «La Voz de Galicia, S.A.»
Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

Os nosos distribuidores:

A Coruña: Distribuidora «Henche» (207020)

Lugo: «Carvel» (215069)

Ourense: «Eudusia Castro» (224349)

Pontevedra: «Cao» (855374)

Vigo: «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570)

Ferrol: «Velo» (357707)

Santiago: «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

Redacción Central: Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela

Teléfonos: 596741-593879 (Prefixo 981)

Apartado de Correos n^o 448

Depósito legal: C-649-1976. Solicitárase o control de O.J.D.

informe

Os que tiñan cartos, gastaron hastra quedar en coiros financeiramente falando; os que non, tentaron supli-las súas carencias con agudeza a falta de medios. Pro tódolos partidos —ricos e probes— apretaron o acelerador a fondo durante a última semana de campaña. Foi un auténtico sprint, no que nin siquiera fallaron os codazos e trapalladas propios de todo final de carreira. Xosé M.G. Palmeiro resume no texto que segue os materiais informativos aportados por toda a redacción.

O sprint

Disque na parroquia de Mogor (Pontevedra) foi unha muller e preguntou se podía votar por ela e máis polo seu home ó mesmo tempo. «El anda no mar, dixo, e non vexo como podemos amañar isto». A boa señora quedou moi sorprendida cando lle dixeran que iso non podía facerse así porque o voto era secreto e persoal. Entón, sen pensalo máis, sentenciou: «arredemo, logo esta vez non é como antes, esta vez parece que a cousa vai en serio». Toma castaña. A boa señora demostraba ter moi claro cómo andivera o xogo das urnas hastra agora e deixaba entrever polo de máis, a situación dunha parte importante do censo electoral que aínda que queira, non poderá facer uso do dereito a votar. Quérese dicir que haberá unha alta porcentaxe

de abstencionistas empuxados polas circunstancias de que os seus postos de traballo están fóra da Terra. Miren por onde a emigración pode xogar en contra dalgúns persoeros que, ó millor, nos seus tempos de poltronas non se molestaron moito en evitala.

CARTAS A CASA

¿E os que están dentro? A verdade é que as predicións fanse con coidado. Ninguén quere colle-los dedos polo que poida pasar e todo o mundo fala do que pode xoga-lo «factor sorpresa». Os candidatos, os grupos andiveron coma tolos nos últimos días tratando de chegar a onde non chegaran ou de chegar dúas veces, se se terciaba. Que

todo é pouco. Iso xunto cun incremento moi forte da publicidade, agora xa a cara descuberta, —moito rostro de Suárez, Felipe González e Tierno Galván— provocou unha inflación de politiquería, cansancio entre os candidatos. «Non estabamos afeitos a estes trotes», declararían un a TEIMA, e moitas dúbidas entre o persoal, acosado, eslogan vai, eslogan ven, por tódolos sitios.

Hastra por carta se pediu voto e madrugaron especialmente os sobres enviados polo candidato ó senado na Coruña pola Unión do Centro Democrático, José María David Suárez-Núñez, médico e catedrático en Santiago. Cando se redactaba este informe, algunhas xentes estaban á espera da carta do candidato Adolfo Suárez. Non tódolos



XURXO LOBATO

AS FEMINISTAS DANDO O CALLO

días se recibe unha misiva dun Presidente do Goberno. Ninguén decía nin por asomo, o que ía facer coas cartas.

O PLEITO UCD-AP

A campaña electoral foi pacífica e tranquila a máis non poder. Actos coma o lanzamento dun petardo por un súbdito portugués na escola de Vilardevós (Ourense) cando se presentaba a Candidatura Democrática Galega, —o artefacto feriu a dous rapaces— quedaron illados na tónica xeral dos vinteún días. Iso non quere dicir, naturalmente, que non houbera tiras e afrouxas, enfrontamentos máis ou menos velados e hastra persecucións. Abondaron os ataques a Alianza Popular e á Unión do Centro Democrático.

A.P. fixo méritos sobrados, especialmente en Pontevedra pra provocar dúas xuntanzas dos grupos políticos ó tapar toda a outra propaganda cos seus cartéis. E sintomático o feito de que a ningunha das dúas xuntanzas fora invitada U.C.D., que pese a todo estivo de parte dos reunidos e desmentiu calquera tipo de entendemento de Suárez cos «sete magníficos». «E ben claro, dixo un portavoz de Suárez, que A.P. nos ataca nos seus mítins e debe quedar claro tamén que U.C.D. non quere ter relación nin-

O SAUDO DO P.S.G.



XURXO LOBATO

gunha cos plantexamentos políticos do pasado, presente ou futuro de A.P.» Non quedaría ahí o asunto e A.P. amañaríase pra, colar propaganda súa nos sobres de U.C.D. Ninguén sabe como foi.

Os homes de Suárez terían que fiar fino en Ourense, onde segundo puido saber esta revista, unha imprudencia do vicepresidente Osorio estivo a piques de provocar nada menos que a retirada de Eulogio Franqueira. Osorio trataba de incluír ó seu colega de U.D.E., Luis Iglesias nas listas pró Senado. Franqueira reaccionaria inmediatamente decindo que non iría co «centro» se se impoñía esa candidatura. E gañou. O Iglesias vai como «independente», pro non deixou de falarse con insistencia dun pacto entre el e máilo candidato de A.P., Indalecio Vidal, aspirante frustrado en varias ocasións a un escano nas Cortes franquistas. Tivo moita sona un eslogan que fixeron circular militantes doutros grupos políticos: «se queres aborto ilegal, vota Indalecio Vidal». En Ourense saben de qué vai a cousa.

As persecucións —non deixou de haber guerra cos cartéis— terían tamén o seu turno en Ferrol, cando os homes de A.P. botaron a correr nos coches detrás dos do F.D.I. tendo estes que poñer en

marcha ás cinco da madrugada o aparato de megafonía. Decían os de A.P. que os outros lles plantaran lume nos locáis. Acabaron na Comisaría de Policía e todo se amaíou. Aínda terían os do F.D.I. outro incidente con forzas dereitistas, dixeron, cando en Ourense atoparon os dous coches coas catro rodas pinchadas a navallazos. Afortunadamente todo quedou nesas inais.

¡XESUS, QUE IGREXA!

¡Ai!, a igrexa. TEIMA contou xa no número 26, nas páxinas adicadas especialmente ó tema electoral cómo un se topaba coa igrexa hstra sen querele. Pois non se esgotou ahí a faena. Estaba claro que a nosa xerarquía eclesíástica, sen pormenorizar, podía chegar todo o máis a un centro-dereita. Pro había que pormenorizar e xa falamos da postura «trentina» do bispo de Ourense, natural de Burgos, monseñor Temiño, que non deixa de clamar contra os comunistas, os socialistas e todo o que cheire a esquerda en xeral. Ten seguidores, dos que é con moito o máis afamado o seu secretario, que entende por José Carlos e a quen algún crego lle chamou públicamente «miss clero» nal-



XURXO LOBATO

UNHA ESPÍÑA NO CORAZON

gunha ocasión. José Carlos, condutor e asesor político, moi coñecido tamén en Ourense pola súa afición ó mini-basket, ou baloncesto de rapaces, fai entre cregos e arciprestes campaña en favor de Alianza Popular e chega a falar dun futuro pouco menos que apocalíptico no caso da vitoria dalgunha esquerda. Ven ser algo así coma unha especie de Arias Navarro con sotana e, por riba, uns anos menos.

MONXAS CONTESTATARIAS

Non é tampouco un secreto a ofensiva de xentes de A.P. ou vencelladas a esta «alianza» nos conventos de monxas. En Ourense tamén se distinguíu nesta laboura o canciller-secretario, señor Touza, ó que, polo demáis, todos puideron ver aplaudir con premeditación e en primeira fila a Fraga no mitin que celebróu no pabellón polideportivo ourensán.

Claro que as monxas de agora non se chupan o dedo e algunhas saben moi ben o que queren. A prensa recolléu recentemente a carta dun grupo de relixiosas galegas contestando a outra remitida por damas fraguistas, López-rodistas ou algo así, na que xa pode adiviñarse o que pedían. Pois ben, as relixiosas non se quedaron cortas e escribiron que «á hora de votar válennos máis aquelas alternativas que promoven a xusticia e van contra a explotación, aínda ó precio de perder tantas «seguridades» como nos ofrece A.P. Porque preferímo-la xusticia que tanto nos faltóu hstra agora, ó «benestar e seguridade» que vostedes nos prometen, pro moitos endexamáis disfrutaron».

Da nova mentalidade das relixiosas galegas pode dar fe tamén en Ourense, Marité Fernández, candidata ó congreso polo Equipo Democracia Cristiá e Social Democracia Galegas, que deu un mitin no convento das Madres Josefinas,

XURXO LOBATO

A CUESTION BASICA



informe

sen pensar que podían facerlle preguntas sobor das opcións socialistas e nacionalistas galegas. Pois fixéronllas. Os feitos falan tamén indirectamente da toma de conciencia progresiva da muller galega, presente coas súas reivindicacións nos actos electorais.

Mentres, en Ferrol, o bispo Arauxo tiña que desautorizar públicamente ó párroco do O Pilar, que se pasou decindo que os «católicos españoís» unicamente podían votar a *Alianza Popular* e a *Alianza Nacional 18 de Julio*. O bispo advertiu que «se traspasaban os límites propios do Ministerio Sacerdotal» e veu decir que cada quen se amaia-se coa súa «conciencia cristiá».

Valía a pena recoller todos estes datos como testemuña das divisións no seo da Igrexa galega, onde se dan cregos nacionalistas e outros fascistas a máis non poder. Ollo cos púlpitos.

LOCAIS PORCOS E PECHADOS

Pola esquerda denunciáronse case a diario os atrancos pra levar a cabo en vilas e pobos os mitins con normalidade. «Atopamos moitas veces, diría a TEIMA un representante do *Frente Democrático de Izquierdas*, os locais pechados, ou sen teito ou cos vidros rotos. ¿Nomes? Arteixo, Taibo, Sada,... O caso de Monfero foi o colmo. Aquilo por riba de ter roto o teito e os cristais, tiña escrementos humanos no interior. Increíbel».

Foi sonado tamén o caso do instituto de Ribadavia (Ourense), que tamén os homes do P.D.C.G. atoparon coas portas pechadas. Por neste caso, a xente movéuse e o presidente da zona local levantou acta, pasándoa á xunta electoral e esta ó Fiscal da audiencia, por se se derivaba delito electoral. Atrancos tiveron tamén dabondo os grupos nacionalistas galegos, que eran ademais os de menos recursos pra campaña e que houberon moverse como puideron por todo o País Galego pra leva-la súa mensaxe, as súas alternativas a tódalas bisbarras.

TVG, UN DESASTRE

Sería tamén a esquerda e os defensores do poder galego os máis perxudicados á hora de graba-los



OS MITINS, A ORDE DO DIA

espacios de dez minutos de duración no centro de televisión española en Santiago. As opinións que puido recoller esta revista insisten na desafortunadísima realización dos espacios e nas moi escasas ou case nulas facilidades nos

estudios. Deixando a un lado o problema, que ninguén discute, da falta de medios materiais, o descontento ven da man do comportamento do persoal con capacidade pra facer e desfacer no centro. Un dos homes da Candidatura Demo-

crática Galega pola Coruña expresou as súas queixas polo feito de que ninguén o invitara siquera a sentarse, a pesares de que tivo que esperar turno durante un longo espacio de tempo. Outros candidatos afirmaron tamén que non lles deixaba repeti-los espacios no caso de que tivesen algún fallo, tanto pola súa parte coma por parte dos técnicos. A experiencia foi, ó parecer, tristeira dabondo e os espacios quedaron como exemplo do que non debe facer un realizador en televisión.

EN SERIO, PRO MENOS

Daba pra moito máis o ambiente electoral. Daba pra falar por exemplo desa festa-homenaxe ós partidos non legalizados que o P.S.P. organizou en Mera (A Coruña) e na que non se permitiu facer uso da palabra a eses grupos non legalizados. No medio do cheiro de hamburguesas «Marchini», un dos candidatos do P.S.P. pola Coruña, outro home das listas dos «pasapogas» despachouse contra ós extremismos «de uno y otro signo». Chegou a confundir ó GRAPO coa AN-PG, cousa que moscóu e cabreou moito ó persoal. Mesmo a base do P.S.P. expresou a súa disconformidade co proceder de Etcheverría e non foron poucas as persoas que abandonaron o recinto festeiro, máis que decepcionadas polo espectáculo dos candidatos do P.S.P.

Entre unhas cousas e outras, con centos de mitins movilizadores de varios centos de miles de personas por toda a xeografía galega, remataban os que algún chamou «os vinteun días máis longos». Quedaba nos últimos días a preocupación pola composición das mesas electorais, cometido pró que se rexistraban non poucas «baixas» e os manexos que algúns grupos da dereita podían facer coa xente poñendo autobuses á súa disposición nalgunhas zonas pra que fosen votar e lles desen o voto. Quedaba por saber a qué altura quedarían os sondeos en Galicia, con tanto chamullo de terceira no laberinto electoral. ¿Sacará Galicia algo pra si? Sen dúbida os galegos pensaron nisto denantes de da-lo seu voto. Ogallá se note, xa que esta vez, a cousa foi máis en serio, aínda que non de todo.



A OUTRA PUBLICIDADE

Campanha electoral

Así a viron os candidatos

«Estas eleccións foron moi diferentes das portuguesas, nas que incluso se ía ós tribunáis por arrincar cartéis doutros partidos». As palabras do abogado Xosé Luis Fontenla, viñan a conto pra iniciármolo limiar a unha enquisa que fixemos tres días antes de remata-la campaña electoral. Aparecen aqueles homes que saíron, á rua pública dentro de diferentes ideoloxías e familias políticas. Eleccións que, segundo Daniel Pino, foron «unha trampa posta polo Goberno, a partir da cal cesaron as reivindicacións que antes se viñan facendo, cecáis tamén pola falla de unidade da oposición galega». Todos conveñen en que as relacións entre os partidos e coalicións foron normáis, pro que a desigualdade económica e o oportunismo dos que están e estiveron no poder político-económico convertiron este feito histórico nunha clara discriminación que, lóxicamente, foi en contra do auténtico protagonista: o pobo galego. Como diría a esta revista Manolo Rego Nieto, «todo parecú ser unha presentación en sociedade. Quen perderá con elas serán as nacionalidades, os obreiros e tódolos demócratas». A pesar de todo, a pesar dos atrancos que se puñan pra deixar vía libre —por mal que lles pesase a alcaldes e outros xerifaltes que, por non haber antes as municipáis, continúan no carro do poder e da suxestión— estes homes que responderon a LUIS POUSA gardan a esperanza nun futuro democrático e os máis conscientes, nun futuro poder galego, próximo se o pobo, como demostró nos mitins e nas respostas que se lle pediron, revoluciona a súa conciencia nacionalista. Esta foi a pregunta que se lles fixo: «¿Qué pensa vostede sobor da campaña electoral feita en Galicia?».

XAVIER PEREA
Candidato ó Congreso
por Ourense
(Alianza Popular)

«As relacións que houbo entre partidos que utilizaron os resortes incorreccións na colocación de cartéis. Os «peros» da campaña: hai partido que utilizaron os resortes do poder pra ameazar á xente do campo con quitarlle-lo subsidio, o que prós labregos galegos é unha arma coactiva forte. Outro «pero»: certos organismos provinciáis volcáronse en certos candidatos, cun oportunismo político inxustificábel, executando obras que hastra eiquí tiñan esquecidas cos fondos públi-

cos dos que dispoñen, só pra mercar así os votos.

Nesta cerimonia da confusión, en Ourense as ganancias andarán entre o C.D., a A.P., o PPG e o PSOE. Se gaña o CD será porque os nosos paisanos están impostos polos reflexos condicionados, por exemplo coa intervención do candidato Suárez na TVE. Os nacionalistas non tiveron tempo prá súa campaña, pro terán moita importancia nas municipáis.

RAMON PIÑEIRO
Candidato ó Senado por Lugo
(Candidatura Democrática Galega)

«Na provincia de Lugo, na que

me movín, a campaña desenvolveuse con normalidade. Os partidos despregaron unha actividade intensa aínda que con notorias diferencias de medios. Nos ambientes urbanos notouse máis o interés pola campaña, con boa acollida popular prós partidos da oposición. As preferencias electoráis móstranse máis definidas, pro con todo no amplo sector da poboación que ten emoción democrática produciu confusión o feito de que os partidos aparecesen tan semellantes na súa imaxe electoral e non fosen unidos na loita. Esta confusión foi moito meirande no medio rural, no que a desorientación unida á aparente complicación da mecánica electoral

GONZALO VELASCO





creou tendencia á abstención. En cambio, sorprendéu que no medio desa confusión aparecese unha coincidencia espontánea en refugar á A.P.

O Centro Democrático terá predominio, aínda que Alianza Popular loitou desesperadamente por elo. Na oposición, parece que o PSOE».

GONZALO VELASCO
Candidato ó Congreso por Pontevedra (Partido Socialista POPULAR)

Circunscríbome á provincia de Pontevedra na que fixen a miña campaña. En xeral, a campaña foi correcta. Houbo algún incidente que tivo que sufrí-lo meu partido. Todo estivo caracterizado pola brevedade co prazo concedido que impediu acudir a un bo número de núcleos de poboación e tamén pola desproporción entre os medios despregados por uns e outros partidos. A brevedade da campaña e a súa proximidade á data de legalización dos partidos perxudicou á esquerda, beneficiando á dereita.

Pensamos que polo menos conseguiremos unha acta».

VICTOR MORO
Candidato ó Congreso por Pontevedra (Unión del Centro Democrático)

«UCD procurou en todo momento mante-lo tono de moderación que nos caracteriza. Respetamos tódalas opcións e só lamentámola pretensión reiterada de AP de crear equívocos e assimilar UCD e AP, cando é evidente que existen moitas diferencias. E igualmente penoso que os partidos autodenominados democráticos fixeran no que se refire a Pontevedra planteamentos comúns, excluindo á UCD en cuestións nas que estamos de acordo, por exemplo, nas declaracións sobor da propaganda política. Nosoutros non excluimos a ningún, nin pensamos facelo no fu-



VICTOR MORO

turo, porque entendemos que tódalas familias ideolóxicas deben ter participación na vida política.

Espero que en tódalas provincias UCD apareza en cabeza e confío en que tódolos partidos e coalicións que defenden a Galicia desde Galicia, obteñan un número importante de escaños».

VALENTIN PAZ ANDRADE
Candidato ó Senado por Pontevedra (Candidatura Democrática Galega)

«Nós, na comisión negociadora co Goberno de Suárez insistimos en que se desmontase o tinglado da ditadura que interfere a actividade local e provincial, pro nada disto se fixo, e na provincia de Pontevedra en concreto os resultados van estar viciados, cuberta ou encubertamente, precisamente por isto. Sobor de todo nas zonas rurais nas que os caciques se manteñen no poder. Atopamos atrancos nalgúns lugares como en Cangas. Na Guardia houbo un apagón de luz e non se puido celebra-lo mitin. En Arbo metéronnos nun salón cheo de redes no teito, que nin deixaban andar. A actividade sistemática por parte de AP pra destruí-la propaganda doutros partidos. Teñen brigadas pra esta función. A nosa pro-

paganda tiña un cartel de moito impacto que tentaron arrancar sempre: un cartel do Castelao.

Esperamos gañar. En toda Galicia poderían chegar ó Senado pola Candiatura Democrática seis ou oito e os máis asegurados están en Coruña e Lugo».

EDUARDO OLANO GURRIARAN
Candidato ó Congreso por Ourense (Partido Popular Galego)

«Despóis dos anos de veda, todos saímos moi fortes. Topámonos con dificultades, máis pola falla de costume, por exemplo na duda de se deixar ou non o Pabellón de Deportes e que en términos xerais non me parece correcto que o CD poña a fotografía de Suárez nas candidaturas de provincias. Unha grave dificultade á hora de chegar ó electorado está en que en Ourense hai uns catro mil núcleos de poboación. Os que dominan as estruturas económicas antigas teñen ventaxas. Por exemplo Pío Cabanillas e Franqueira. Logo están as *Hermandades Sindicales*, caixas rurais, etc. que pasará tempo antes que perdan forza.

Eiquí penso que sairán dous deputados polo CD, un polo PSOE, un por AP e nosoutros sacaremos outro».

PAZ ANDRADE



MARIO ORXALES
Candidato ó Congreso por Pontevedra (Partido Socialista Galego)

«Isto máis que campaña electoral foi unha subasta de votos. Todo estivo feito pra que gañen os que máis medios económicos tiñan. Notáronse certos privilexios á hora de concede-los locais gratuitos. En Escuadro-Silleda tivemos que entrar por unha ventá a xente e máis nós, a pesar de ser unha escola pública, e estivemos sen luz. En Beluso atopámonos co local pechado. Había locais especiais polas súas condicións que eran os teleclubs. Pro non os deixaron alegando que non querían a súa «politización». En realidade hai unha causa: o velador de teleclubs en Pontevedra chámase Puig Gaité. Porque estes teleclubs ben que apoiaron a Pío Cabanillas cando se presentou a procurador en Cortes. Alí víanse cartéis de apoio. A mesma TV discrimina ós líderes nacionalistas e tivemos que soportar que nos arrincasen cartéis, como ocorreu no mitin de Lalín, cando en dez minutos desaparecieron tódolos cartéis.

As posibilidades que témo-los do PSG están na Coruña. En Pontevedra xa non o vexo tan claro».

XESUS ALONSO MONTERO
Candidato ó Congreso por Lugo (Partido Comunista Galego)

«Entre os partidos democráticos observéi con alegría que non houbo incidencias. O máis importante é pensar que os partidos de esquerda tiveron audiencia e recepción. No caso do Partido Comunista, con siglas deliberadamente combatidas, era difícil a convocatoria de xente, pro resultóu moi ben. Temos queixas porque nalgunhas, por exemplo na Ribeira de Piquín, anque tiña mos autorización, o alcalde, que é da Guardia de Franco obstinouse en non abri-lo local asignado. Rematou dando a chave de mala gana, cando a xente xa estaba condicionada.

Creo que o PCG terá tres deputados en Galicia. Din que Lugo terá a un tamén, anque non comparto de todo esta opinión. Se en Lugo se saca un deputado, tendo por diante a presenza de ex-ministros, sería unha vitoria do pobo galego».

DANIEL REGALADO AZNAR
Candidato ó Senado por
Ourense (Reforma
Social Española)

«Estas eleccións foron bondadosas e arcanxélicas, e tamén moi pacíficas. Por unha banda demostraron a madurez do pobo, e por outra, unha certa dose de inxenuidade nos partidos. Tamén houbo un forte derroche de medios que por unha beira é lamentábel pro que por outra é o rédito que hai que pagar a tantos anos de autocracia oligárquica. Considero que unha campaña normal é esencialmente unha crítica de condutas das persoas que teñan no pobo unha información máis realista. En cambio, nesta conxuntura insístese nas ideoloxías e maximalismos, máis ca nos programas políticos concretos e pragmáticos. Foron unhas eleccións que se poden calificar de «chapuza electoral» polas normas que as presiden. Espero que sexan unha zancada á limitación de poder e á manipulación dos novos caciques».

En Ourense, anque gañe, perderá o CD. A pesar das condicionantes estruturais de Ourense, a esquerda vai estar presente na hora do triunfo».

ALBERTO PEREZ AMADO
Candidato ó Congreso
pola Coruña (Fuerza Nueva)

« A campaña desenrolouse normalmente, coa participación de todos os grupos políticos. Non tivemos pola nosa parte ningunha dificultade especial con ningún grupo político. Houbo xogo limpo hasta certo punto, porque no que se refire ó Centro Democrático de Suárez, non o houbo. Nos demais partidos polí-

ticos coido que sí. Incluso no Partido Comunista, no que admiro a aqueles homes honestos e honrados que sempre mantiveron fidelidade ó PC e ó marxismo. Non admiro en cambio a campaña do CD e do Presidente Suárez.

Nosoutros non temos medios económicos. Todo o que gastamos sae dos petos dos nove candidatos pola Coruña, pro aínda con esta traba fundamental, pensamos sacar un candidato ou dous».

LUIS MARIA VILLARINO
Candidato ó Senado por
Ourense (Alianza
Nacional del 18 de Julio)

«Eu só en teoría son candidato ó Senado Por Ourense, provincia na que se fixo todo tan mal desde o primeiro momento, que todo vai rematar coma o rosario da aurora. Como xa dixeran nos meus recursos (que polo de agora causaron perdas de cerca dun millón de pesetas ó Estado, pola torpeza daqueles a quen encomendou a proclamación das candidaturas, tendo a Audiencia Territorial que restaura-la doutrina ortodoxa) atropellouse ó home e, polo mesmo, atropellouse a toda a humanidade. A campaña resultará totalmente inútil, porque as eleccións nesta provincia serán invalidadas legalmente. Temos total confianza en que o Goberno non reincida en monstruosidades».

FRANCISCO CARBALLO
Candidato ó Senado por
Ourense (Bloque
Nacional Popular Galego)

«Fíxose a campaña por parte dos grupos paraestatáís e estatáís, especialmente UCD, moi personalista. A isto únese o feito de que na súa presentación de autosuficiencia, nin siquera saben presentalo seu programa. Como ademais utilizan os resortes do poder que sempre tiveron, a xente dáse conta. Son débiles. Se tivemos tres meses de campaña, barriámo-la CD e a AP. Porque son todos coñecidos na súa



MANUEL MONGE

falta de honradez política. A nosoutros recíbese moi ben, sobor de todo no rural e comprendín que no fondo a xente é nacionalista, e polo mesmo somos acollidos como bloque de esquerda e nacionalista.

Se tiveramos os dez días que quitaron logo de non dar paso á nosa candidatura, seguro que teríamos un candidato. Desta forma, dudamos».

MANUEL MONGE
Candidato ó Congreso pola
Coruña (Agrupación Electoral
de Trabaxadores)

«Tivemos moitos problemas pola escasa capacidade económica, e tamén por motivos de orde burocrático. Levamos actos de contacto popular, caso de Negreira, máis ca unha campaña masiva, reivindicando tres puntos básico: consecución dunha república democrático-popular, reforma das estruturas económicas por medio das nacionalizacións e autodeterminación pra Galicia, á que se chegará por un proceso constituínte e un goberno galego. Unha das chatas principais destas eleccións, a desigualdade económica, que determina unha inferioridade política.

Non penso que a tónica xeral sexa diferente en Galicia que noutros lugares do Estado, no que se refire ós resultados finais».

ROBERTO PARDO
Candidato ó Congreso por
Coruña (Frente Democrático
de Izquierdas)

«Atopámonos sen medios económicos prá campaña. Tivemos que recurrir á xente que asistía ós nosos mítins, á que lle estamos recoñecidos. No que se refire ós locais, tamén tivemos moitos problemas. Houbo días en que ó chegar ó lugar do mitin, atopabámonos coa porta pechada, ou con vidros rotos ou en moi malas condicións. Tamén as forzas dereitistas tentaron poñer barreiras á nosa campaña desmoralizándonos, como cando apareceron os nosos coches en Ourense coas rodas pinchadas. Pro estamos contentos da campaña, porque nos lugares nos que convivimos co pobo, especialmente nas zonas mariñeiras de Muros, Noia, Ribeira, en Cambre..., fomos recibidos e acollidos. Teño que dicir que os partidos da esquerda levaron a cabo unha campaña moi personalizada creando confusión.

Penso que en Galicia hai unha opción socialista».

MANUEL IGLESIAS CORRAL
Candidato ó Senado por
Coruña (Candidatura
Democrática Galega)

«Os esforzos realizados polas forzas democráticas deron de maneira moi visíbel froitos importantes. Teño a máis viva impresión de que aumentou moitísimo a súa importancia, o que pode medirse pola irritación dos seus antagonistas que perderon moitas veces a contención. Prodúcese cun verdadeiro terrorismo verbal, anque será inútil, porque a pesar da longa miseria espiritual de quen pretenden vivir, seguir, lucrarse provocando o susto alleo á máis despreciábel das demagogías, a Galicia democrática avanza e triunfará agora e despóis.

Vencerán as forzas democráticas».



XURXO LOBATO

ESPALLANDO O IDEARIO

A xeneralidade dos comentaristas políticos do Estado español coinciden en situar á coalición *Alianza Popular* na dereita-dereita do panorama político, excluído o *fascismo* tradicional de *Alianza Nacional 18 de Julio*. Outros non dudan, pola súa banda, en falar de *neofascismo* ó se referiren á «Santa Alianza» de Manuel Fraga. Firme defensora do orde público, oposta dun xeito tallante á participación política dos comunistas, AP pronúnciase contra calquera tipo de solución federalista do Estado español e contra da defensa do dereito dos pobos á autodeterminación. Férrico centralismo o de AP, propugna un Estado forte e a defensa dos principios de identidade moral e de moral pública. Resultaba curioso que, nalgúns mítins, a xente máis enfervorizada de AP chegara a se trabucar nos seus berros: Fraga, Fraga, Fraga... trocábase en apaixoados berros de Franco, Franco, Franco...

Os mesmos comentaristas nos que baseamos esta análise coidan que, finalmente, AP pode chegar a ser absorbida pola actual *Unión del Centro Democrático*. Dentro da UCD, en Galicia, o *Partido Galego Independente* e o *Partido Popular de Ourense* sumáronse, a piques de se inicia-la batalla electoral, á opción *neocapitalista* potenciada pola imaxe de Suárez. Os políticos de UCD teñen como meta facer do Estado español un país semellante ós do resto da Europa Occidental e, en postos directivos —coma no caso de AP—, figuran homes que ocuparon altos cargos nos derradeiros anos de Francisco Franco se ben, en UCD, persoeiros hai que mantiveron moderadas posicións críticas fronte do franquismo. Os homes de UCD pensan que, ó novo Réxime español, cómprelle camber-las súas bases legáis, de ahí que a organización propugne a redacción dunha *Constitución* que ocupe o lugar das actuais *Leyes Fundamentales*. Xunto cunha refor-

ma fiscal, este sería un dos primeiros pasos nas Cortes resultantes das eleccións.

Nunha liña liberal, o *Partido Democrata Galego* tenta chegar á consecución dun Estado democrático baseado

COMO NA FEIRA



XURXO LOBATO

As eleccións quedan atrás. A experiencia das urnas, a primeira dende hacía corenta anos, escomenza xa a formar parte da historia. ¿Qué foi o que votou cada ún o pasado día 15? Este traballo tenta, neste senso, artellar un mínimo resume das opcións saídas á rúa dende os primeiros minutos do día 24 de maio, cando a campaña electoral quedaba aberta oficialmente.

Os programas que vostede votou

no respecto dos dereitos humanos e, en xeral, das liberdades sociais e políticas. A partir da defensa, entre outras cuestións, da iniciativa privada xunto dunha reforma fiscal, o PDG promove a organización futura do Estado sobor da

base das *autonomías rexionais* (política, administrativa, económica e culturalmente) e a integración de España coma membro de pleno dereito nas Comunidades europeas. Máis lonxe do ámbito galego, estritamente, pra *Reforma Social Española* o seu obxectivo último é a constitución dunha sociedade universal racionalmente organizada en termos de dereito e na que *non se rexiste a explotación do home polo home nin dos pobos polos pobos*. Unha vez na democracia, RSE está tamén pola resolución dos seculares problemas das autonomías rexionais dentro, sempre, da básica unidade nacional asegurada polo Estado español cara á incorporación deste no Mercado Común Europeo e na OTAN.

No centro-esquerda poderíase situar á chamada *Alianza Socialista Democrática*. ASD, formada polo *Partido Socialista Obrero Español (Histórico)* e polo *Partido Socialista Democrático Español*, está por un estatuto galego nunha España democrática e pola loita contra o caos económico, corrupción e o abuso de poder das esferas administrativas do Estado. Organizada nos derradeiros días anteriores ó comenzo da campaña electoral entre o *Partido Popular Galego*, o *Partido Galego Social Demócrata* e a minoritaria *Alianza Galega Socialdemócrata*, a coalición *Democracia Cristiana e Socialdemocracia Galegas* representa —segundo os seus portavoces— unha alternativa cara á superación do centralismo da UCD de Suárez e sen chegar ás posicións do socialismo marxista. Prá DC-SDG, a *defensa de Galicia e a loita pola democracia son dúas ideas íntimamente unidas e inseparables*. Querendo selo PPG o herdeiro do *Partido Galeguista* de denantes da guerra do 36, pró PGSD o obxectivo último é unha Galicia democrática na que o pobo sexa dono dos seus destinos destruindo o colonialismo político, económico e cultural ó

informe eleccións

que, secularmente, estivo sometido e aínda está. Pró PGSD, o federalismo sería o primeiro paso até chegar á creación dunha *Confederación Ibérica* con Portugal e pola integración en Europa.

A CANDIDATURA DEMOCRÁTICA, POLO AUTOGOBERNO

Coincidindo os seus integrantes no anxeio de postularen pra Galicia un réxime de autogoberno, a *Candidatura Democrática Galega pró Senado* (apoiada polo *Equipo da Democracia Cristiana e da Socialdemocracia Galega, PSOE, PSG, PCG e polo Frente Democrático de Izquierdas*) considera que «a nosa participación na obra constituinte vindicará, sen mediatizacións, os órganos de disposicións necesarios a tódolos niveis pra que os galegos poi-

Obrero Español ten como obxectivo último —mediante unhas Cortes constituintes e unha Constitución aberta e democrática— a conquista do poder político pola clase traballadora e a radical transformación da sociedade capitalista nunha sociedade socialista sen clases. As medidas que, en adiante, se adopten, segundo o PSOE e pra combater-la crise actual, son a defensa do pleno emprego, o control dos prezos na loita contra da inflación e o compensamento da deuda exterior. Todo elo pra propiciar, finalmente, a integración de España nas Comunidades europeas. Pola súa banda, o *Partido Socialista Popular de Galicia* teima na idea da unidade socialista pra chegar á creación dunha sociedade socialista, autosexionaria e sen clases, baseada nunha concepción marxista da historia. Os obxectivos próximos do PSP, logo da

sitoria de autonomía que supere o partido de principios e competencias do Estatuto plebiscitado en Galicia en xuño de 1936, pra se achegar finalmente a unha articulación federal do Estado sen perxucio do dereito da nación galega á autodeterminación. 2. A constitución dunha alianza de forzas políticas galegas pra poñer en marcha un amplo proceso de unidade popular e de formular unha alternativa conxunta a medio prazo pró desenvolvemento económico e cultural de Galicia, rompendo cos mecanismos de xeito colonial que a asoballan hoxendía e, así començando a fase cara á construción do socialismo.

Contra da propaganda en senso contrario feita por determinados sectores da dereita española, no primeiro mitin do *Partido Comunista de Galicia*, Santiago Alvarez suliñou que «sempre defendemos á pequena e mediana empresa e non teñen porque ter medo nin os pequenos, nin os medianos nin, mesmo, os grandes propietarios». A loita polo socialismo virá dada pola implantación xeral das liberdades democráticas plenas, do establecemento dun Goberno provisional, amnistía total, apertura dun proceso constituinte que conleve a formación posterior de *gobiernos provisionais en Galicia, Euzkadí e Catalunya* —en Galicia, en base ás institucións recollidas no Estatuto plebiscitado en 1936— e a definitiva desaparición das institucións creadas polo franquismo. Obxectivos próximos do PCG son, tamén, a elaboración e posta en práctica dun programa mínimo económico que comprenda as solucións ós problemas do paro, da retribución ós campesiños, obreiros e mariñeiros, e a elevación dos salarios máis baixos.


Baseando a súa campaña electoral no voto á clase traballadora e na loita pola unidade desta, tres coalicións presentáronse ós recén pasados comicios: *Frente Democrático de Izquierdas, Agrupación Electoral de los Trabajadores* e o *Frente por la Unidad de los Trabajadores*. A AET, potenciada pola *Organización Revolucionaria de Trabajadores* preconiza un proceso constituinte pra Galicia cunha Constitución propia. A *Asamblea Popular* sería o órgano de poder que emitiría as leis axustadas á realidade galega e da que saíra un futuro Goberno galego, funcionando as distintas asambleas nos niveis populares: aldeas, parroquias, bisbarras... Pola súa banda, a FDI nacéu, segundo os seus líderes na presentación electoral, dos traballadores «e sómo-los propios traballadores os que a compoñemos». Potenciada polo *Partido del Trabajo de España*, a FDI está pola conquista da totalidade das liberdades democráticas cunha Constitución que as garante e pra que as solucións á crise económica as aporten, sómentes, os traballadores. A *Liga Comunista Revolucionaria*, que potencia o FUT, ten coma obxectivo úl-

timo a *conquista do poder polo proletariado mediante a destrución do Estado burgués e a instauración dunha República Federal dos consellos obreiros no Estado español*

O BN-PG, POLA SOBERANÍA POLÍTICA GALEGA

Potenciado pola *Unión do Pobo Galego* e pola *Asamblea Nacional-Popular Galega*, o *Bloque Nacional-Popular Galego*, conforme ó principio de autodeterminación dos pobos, reclama pró pobo galego a soberanía política de Galicia. Deste xeito, segundo o BN-PG, «un Goberno galego asumirá a representación e o exercicio do poder político no territorio de Galicia en tanto non se establezan as institucións políticas definitivas no correspondente proceso constituinte». Así, Galicia participaría nun *pacto federal español* no que os recursos económicos virían dados pola aportación de cada unha das nacións federadas sobor do criterio da potencialidade económica respectiva e da solidariedade federal. Serían competencias federais as referentes ó aseguramento da relación entre as distintas nacións integrantes da Federación e a defensa das relacións exteriores: Forzas Armadas, política arancelaria e monetaria, declaracións de guerra, coordinacións das políticas económica e fiscal das nacións federadas. As competencias nacionais galegas virían dadas no réxime xurídico, orde público, ordenación do territorio, políticas fisca, económica, cultural, educativa e sanitaria. Segundo o BN-PG, «a inserción de Galicia no sistema económico capitalista do Estado español, baixo institucións xurídico-políticas que manteñen unha situación colonial, tradúcese no seu desenvolvemento e provoca a emigración e málla apropiación do excedente económico galego polas clases dominantes dos países capitalistas do Estado español e do mundo occidental.

En fin, o obxectivo último de *Falange Española y de las JONS (Auténtica)* é o desmantelamento do sistema capilista e a conquista dunha España ceibe, independente, digna e revolucionaria por unha *república sindical* e un *sistema económico autosexionario*. Os medios pra chegar a todo iso, segundo FE-JONS (A), son *Revolución Nacional Sindicalista* e a utilización da democracia burguesa como tránsito hasta a sociedade futura e o logro do sindicalismo revolucionario. A reforma fiscal, a negativa rotunda da entrada de España na OTAN e na Comunidade Económica Europea, a nacionalización da Banca e dos grandes servizos públicos, serían algúns dos obxectivos próximos.



XURXO LOBATO

POÑENDO UNHA CARA TIerna

dan poñe-las súas mans no Goberno e na Administración do que lles atingue». Prá CDGS, a verdadeira e lexítima unidade española está no fortalecemento das rexións e nacionalidades do Estado do que o teimoso descoñecemento e a pragmática negación da súa existencia é, xustamente, a causa do proceso disociador que ten en vilo, dende hai lonto tempo, á inxenuidade dos pobos que compoñen a Península: «Dende a moderación que profesamos —dí a CDGS—, e practicamos, o primeiro capítulo na nosa andadura é este: un orde. Non aquel orde que ten servido, de cotío, coma capa da ditadura, senón o que ampara unha verdadeira legalidade e ten o seu alicerce no resguardo da liberdade.

Iniciando xa, decididamente, o camiño das esquerdas, o *Partido Socialista*

instauración das liberdades democráticas, son a *autodeterminación* das nacionalidades e rexións españolas, unha política mediterránea co peche das bases estranxeiras e a nacionalización dos monopolios.

O SOCIALISMO GALEGO

Xa no socialismo estritamente galego, o *Partido Socialista Galego* tenta chegar á conversión do noso País nunha *sociedade socialista pra e polo pobo galego*. Os próximos obxectivos do PSG poderíanse resumir como segue: 1. A *cancelación definitiva do franquismo* pasa polo establecemento dunha democracia pluralista e, pra elo, pola apertura dun *proceso constituinte desenvolto simultaneamente en Galicia e no Estado español cunha fórmula tran-*



Outra vez Miño

Unha marisma popular

Volvéu a plantexarse a polémica da marisma de Miño. Agora é o Axuntamento quen quere encher unha parte dela pra facer un campo de deportes. Os veciños opóñense e din que, destrás disto, pode vi-la urbanización. Non están dispostos a deixar pasa-las paleadoras e fan garda durante todo o día pra impedilo. PERFECTO CONDE estivo alí en varias ocasións pra ve-lo que pasaba.

O 4 de xuño os veciños de Miño (A Coruña) non daban creto ó que vían cos seus ollos. Alguén chegou decindo que había un bando municipal colgado na porta do campo de fútbol anunciando que se ían inicia-las obras de recheo da marisma, exactamente no lugar de Telle, pra facer un campo de deportes. Non tardaron nada en reaccionar e atopáronse espontaneamente, case sen decatárense, na marisma dispostos a impedir unha vez máis as obras.

«Isto é noso —contaron a TEIMA os veciños que rodearon ó seu enviado—. Isto é noso e temos que defendelo. Que non se lle ocurra a ninguén meter aquí os obreiros ou as paleadoras porque ten que pasar por derriba de nós antes de conseguir enchelo». Había máis de duascenas persoas que xa estiveran de vixilia o día anterior e estaban dispostas a todo. «O irmán do alcalde —decían en voz alta—, o primeiro tenente de alcalde, anda decindo por ahí que a obra hase facer como sexa e que non se lle ocurra a ninguén pórse diante das máquinas porque van vi-los grises a mallarnos. Nin que aquí non tiverámo-la Guardia Civil, ¿ou é que ese señor non confía nela? Nós non nos imos de aquí por moito que lle pese ó irmán do alcalde».

BLOQUE, ALERTA

O día seguinte, domingo, volveron a baixar ás marismas. Pola tarde presentáronse por alí unhas cincocenas persoas que viñan en coches particulares e en autobuses alugados do mitín que celebrara en Ferrol o Bloque Nacional Popular Galego. «Con eles —informaron a TEIMA os veciños de Miño— viña o cura das Encrobas. Dixéronnos que estaban dispostos a axudarnos no que fora e incluso querían facer connos unha manifestación diante da casa do alcalde e do cuartel, cousa que non nos parecêu moi indicada naquel día. Déronnos moito ánimo e dixéronnos que voltarían pra axudarnos tan axiña coma os avisáramos».

Xa na tarde do sábado e dende logo

todo o día do domingo, días 4 e 5 de xuño, os de Miño oíron que empezaría as obras luns pola mañá. «Estaremos aquí como cravos e non pasarán», díxéronlle a TEIMA que acudiu cos veciños á hora fixada, oito da mañá. En media hora xuntáronse unhas cento cincuenta persoas que falaban animadamente entre elas. No cruce da rúa que descende á marisma había dous camións cargados con paleadoras e outros catro valdeiros enviados por un construtor da comarca. Os veciños falaban cos condutores que lles dixeron que eles foran alí enganados e sen sabe-lo que había. Que, se fora doutro xeito, eles non írían.

UN TENENTE QUE SOUBO ESTAR

Perto das dez da mañá chegou un tenente da guardia Civil con catro números. Era un oficial moi noviño que mostróu tacto dabondo pra non alporiza-los ánimos. Baixóu do seu coche oficial e misturouse cos veciños nun

A GUARDIA CIVIL, DIALOGANTE



diálogo amistoso ou polo menos relaxado. Nin siquiera puxo pegas pra que os fotógrafos e un cámara de televisión que estaban alí fixeran tódalas tomas que lles dera a gana. As mulleres eran as que estaban máis cabreadas e fixéronlle ver ó tenente o que pensaban sen se trabucar. Unha mariscadora explicou que alí estaba boa parte da súa vida e que non había dereito a que ninguén viñera agora quitarlle o pan sen consideración.

O tenente dixo que ía tratar de pórse en contacto co gobernador e que voltaría máis tarde. «Poden estar aquí, claro que poden, pro non armen moito barullo», díxolles despóis de ler e permitir dúas pancartas que pedían axuntamentos democráticos e que non se levaca cabo o atropello das marismas. En todo momento houbo tranquilidade absoluta e bo humor. Picos, un dos máis afevoados defensores da marisma, baixóu viño da súa casa mentres varias rapazas foron encargar empanadas á vila. O meso tenente prometéullos que comería con eles. Chegaron cinco rapaces

P. CONDE



A VOZ DO POBO

do BN-PG con pegatinas no peito pra falar cos veciños e ofrecer axuda novamente.

En moitas das conversas falábase do alcalde, Xosé López Montero, que non se deixóu ver por alí nin tampouco envióu a ninguén do Axuntamento. Segundo decía na Casa Consistorial, estaba doente e non podía saír da súa casa. Menos mal que non foi ese día á marisma porque senón ía escoitar catro cousas. Había de ver ás mulleres conta-las aventuras do irmán do alcalde cando foi capataz na Guinea e, segundo parece, tivo que fuxir dalí por pernas. O personaxe en cuestión, Francisco López Montero, coñecido na vila polos alcumes de *Pacojones* e de *Látigo negro*, pasa entre os veciños por ser máis culpábel do recheo das marismas có seu propio irmán, o alcalde.

Rosa Otero Casal, mariscadora de toda a súa vida, filla e neta de mariscadoras, deu a TEIMA a súa opinión sobre as marismas: «Aquí hai ameixa da boa e berberecho ás mancheas e tamén se collen camaróns, nécoras e robaliza. Somos 385 os mariscadores con carnet en Miño e moitos deles sacámo-lo noso pan desta marisma que nos queren roubar catro señores. Toda a vida foi unha riqueza esta desembocadura do río Baxoi. Eu, por exemplo, saquéi

sucedo no país

nela trece mil pesetas en cinco días que traballé no mes de abril. Os de Miño non temos outra riqueza que non sexa a marisma e a praia que nos permite alquilar-las nosas casas durante o vran. Se nos secan a marisma, déixannos orfos».

Outro mariscador, máis entendido en técnicas, engadiu que un informe feito hai tempo por varios biólogos abonda en razóns pra que se defenda a marisma. Segundo parece, no seu fondo hai auténticas condicións rexeneradoras do plancton que fan que sexa aquela zona unha das máis interesantes pra cultivar marisco en toda a costa da Coruña.

Por outra banda, a Comisaría do Patrimonio Artístico informou en contra do recheo por razóns ecolóxicas, paisaxísticas e artísticas. O terreo que se pretende modificar na súa estrutura está dentro da zona eumesa que foi declarada de interés artístico e polo tanto cae baixo a vixilancia do Patrimonio.

UN CAMPO DE DEPORTES

Opinións totalmente contrarias son as que sustentan os representantes municipais. TEIMA acudiu á Casa Consistorial en busca de información e alí explicóuselle na secretaría que non se trata esta vez de face-la polémica urbanización senón sinxelamente de construír un campo de deportes sobre unha extensión de 23.900 metros cadrados. O alcalde, señor López Montero, estaba na súa casa acompañado polo tenente da Guardia Civil, por un concellal e polo garda municipal cando recibiu a TEIMA. «As obras que queremos facer —opinou— son magníficas pra vila e catro señores, por intereses particulares, tratan de iarnos a todos. Non fan mal ningún á vila e si moito ben, pois non imos ocupar máis ca unha ínfima parte da marisma e na zona na que non se produce nada de nada senón que hai que baixar polo menos 700 metros pra atopar ese marisco que din que existe os que nos queren enganar a todos. O que sucede agora é que estamos nun momento crítico disto que se chama democracia que, como vaia por onde vai, non imos nin poder mandar nas nosas casas. Aquí hai varios cabecillas que enganar a catro gatos que lles fan caso e o principal de todos é un señor que hai pouco tempo construíu a carón da praia unha casa de sete plantas cando sabía que non se pode pasar de tres».

O alcalde non ten pelos na lingua nin duda un chisco en ofrece-las súas opinións sobre o caso que resultan ás veces pintorescas. «Como isto siga así, un chegan e bótannos das nosas casas e ninguén pode decir nada». Está moi seguro de que o seu proxecto é a millor cousa do mundo pra Miño e repite unha e outra vez que el sempre se destacou en facer favores á vila e loitar

polo seu ben. «Eu trouxen —afirma— a Casa do Mar que é a millor de Galicia despóis da de Vigo, eu conseguín indemnizacións polo desastre do Urquiola que se pagaron incluso a xente que non debía cobrar, mentres noutros lados aínda teñen que andar a chorar por elas agora». Explica que non lle interesa seguir no Axuntamento. «Xa que hai —di— tanta xente que se considera capaz de face-la política do municipio que se presenten ás eleccións, a corporación que está agora mandando non ten interés ningún en presentarse senón que quere deixa-lo Axuntamento».

O alcalde nega calquera relación suposta entre o proxecto do campo de fútbol e a proxectada urbanización que quere facer un grupo económico da Coruña encabezado por Antonio Alvarez, presidente do Club Deportivo e membro do Partido Galego Independente. «E mentira —asegura López Montero— que nós fagamos isto agora pra achaa-lo camiño da urbanización, rígorosamente mentira e quen anda decindo iso por ahí é un traidor ou non sabe o que di». Pola contra, os veciños que

que fora. Nós queremos defender por nós mesmos o que nos corresponde por dereito pro, se non queda outro remedio, claro que xogarémo-la baza política tamén, ¿por qué non, ou acaso non a están xogando eles?».

SUPOSTOS GRANDES INTERESES

Son moitos os rumores que andan por Miño. Hai quen fala de que na sociedade anónima que quere face-la urbanización, Playa Grande de Miño, S.A., andan metidos políticos de alto copete da Coruña e de Madrid. Os promotores parece ser que se ocuparon ben de repartir accións nas persoas e nos sitios onde poden atopar algo e na vila fálase mesmo de complicidades manifestas entre autoridades e promotores. Os veciños somentes falan ben, moi ben realmente, dos membros do Patrimonio Artístico. «Até agora —din— son os únicos que nos defenderon e, se non fora por eles, non estarían hoxe paradas as obras».

En canto á participación na protesta

O que se ve é claramente en contra da obra. Os outros, se os hai, non dan a cara coma eles polo menos. Resulta difícil atopar un veciño que fale claramente a favor do recheo e atópanse, iso sí, abondos que din que non saben o que é millor. Ninguén fala mal dos que van en contra, ou polo menos a TEIMA non nos foi posíbel localizalos. En termos concretos, isto é algo máis ca unha cacicada típica. Semella máis ben unha operación económica de alto nivel, no que se refire á urbanización, da que indudábelmente poderían saír beneficiados en moitos millóns os señores que consigan comercializalos pisos e apartamentos que se quere facer en Miño. Dañados seriamente sairían os intereses de moitos veciños que está claro que teñen razón cando din que a marisma é pra eles unha fonte de vida importante. Por outra banda, están lóxicamente os intereses ambientais e paisaxísticos que defende o Patrimonio Artístico e que non hai máis que mirala desembocadura do Baxoi pra se decatarse que pode tratarse dun verdadeiro atentado que alguén comparou con tira-la catedral de Santiago. «Tan bruto



FERREOS MOI COBIZADOS

protestan teñen claro que se trata dun principio do gran mal e que, despóis do campo, vai vi-lo que eles non queren que chegue: a urbanización cos seus bloques de cemento. «A nós non nos enganar —dixo a TEIMA Xosé Sabín—, o que queren é empezar por algo e rematar por todo. Por iso agora é cando temos que nos defender pra que non nos atopellen».

Outro veciño explicou a súa opinión de que agora tratan de cola-lo recheo das eleccións, non vaia ser que despóis sexa máis difícil. «Xa non estamos sos —afirmou—, os partidos políticos e moita xente díxéronnos que estaban dispostos a vir aquí e axurdárennos no

hai división de opinións. O alcalde di que son catro gatos os que se opoñen a que as marismas sexan recheadas. Catro gatos que, segundo el, están ademais manipulados por poucos señores que obedecen a influencias políticas. Os que protestan din que a maioría da vila (pouco máis de dous mil habitantes, en total) están en contra. «O que pasa —explican— é que aínda hai moita xente que non tomou conciencia do que lle ven enriba ou que non se astreva a vir aquí e manifestarse en defensa da marisma. Polo contrario, os que están a favor, nin se sabe ben quen son nin fixeron nada a favor de non se-lo alcalde, o seu irmán e máilos concellais».

é o que quere facernos a nós isto —din os veciños— coma o que puxo esa bomba que din que apareceu na torre do Obradoiro».

Dende o punto de vista legal, o proxecto do Axuntamento parece dentro das normativas en vigor. No tocantes á urbanización foi paralizada pola oposición da Comisión Provincial de Urbanismo e a empresa promotora recurriu contra a paralización das obras. ¿Qué vai pasar? Os veciños din que só pode pasar unha cousa: que se esquezan Antonio Alvarez e os seus amigos de facer millóns en Miño.

Cansos de agardar durante un longo ano pra que lles deran solucións ós seus problemas, os familiares dos rapaces das escolas unitarias da montaña luguesa decidiron que non habería millor cousa pra se clarexar co ministerio de educación ca unha mobilización directa. Armaron tal rebumbio que axiña chegou —vía chivatazo telefónico— áe orellas da guardia civil que baixaron uns quinientos metros de monte pra poñer orde. Armaron tal rebumbio que doña Eudoxia, inspectora de zona de Enseñanza Xeneral Básica, chorou e aínda lles dixo ós paisanos que ela non ere tan ru n xa eue «gracias ó meu home moitos de bos tendes carretera».

Pedrafita

Asaltar é un dereito

Levaban un ano sen que ninguén lles dera explicacións da negativa a concederlles ós seus rapaces o título de *graduado escolar* e tamén tiñan xa moi ouvido que a inspectora dixera que os nenos da montaña non debían facer estudos superiores, xa que era moito millor pra eles facer cursos de Formación Profesional. Fartos de que ninguén respondera ás súas denuncias, decidiron aproveitar unha reunión da inspectora coas mestras dos seus fillos pra baixaren da montaña a poñe-los puntos sobre dos is.

CONVERSA COA EUDOXIA

Pedrafita. Era martes, día sete, e pouco máis marcaba o reló cás catro e media. Uns vinte pais tomaron, entón, sen previo aviso e por asalto a aula onde inspectora e profesoras planificaban os exames de fin de curso. Homes e mulleres entraron pra berrar ben forte a súa protesta, denunciando a discriminación a que se sometía ós nenos de por alí: negábaselle-lo título de graduado escolar pra expulsalos a

F.P., mentres que os nenos das áreas urbáns recibían o pase a Bachillerato Unificado Polivalente. Doña Eudoxia pedía por favor que se desaloxara a sala, prometendo unha posterior reunión cos pais. As veces, a pasión dos familiares, defendendo o dereito a igual trato prós seus nenos era tal que doña Eudoxia non se facía escoitar, polo que prefería agacha-la cabeza e facer un valado coas mans. Tal cousa desesperaba máis a pais e nais, que remataron por ir cara á mesa da inspectora e acompañala-las súas críticas con golpes na mesa, esixindo que se escoitasen as súas razóns.

Dalí non había quen movera ós paisanos, que eran moitos os argumentos que tiñan cavilado no ano que estiveran agardando. Por fin, tres números da guardia civil lograron saca-los fóra, non sen antes dar garantías de que, logo, tería que haber unha xuntanza coa inspectora. Houbo —tras unha espera de moito raio— tal xuntanza e houbo tamén cousas novedosas: diante das acusacións dos familiares, a inspectora repartiu con man mestra as culpas: por unha parte, que a idea



A DEFENSA DOS FILLOS



DOÑA EUDOXIA, ABRAIADA

de aparta-los rapaces prá Formación Profesional viña de arriba; por outra, que os nenos non tiñan os títulos de graduado por culpa das mestras que chivaron ós rapaces as preguntas do exame. Así rematou a reunión.

SEGUIR IGUAL, OBXECTIVO

Nunca se vira tal escándalo nin tal atrevemento por parte dos pais e —por se as moscas— os sectores conservadores pouco tardaron en reaccionar: trataron de facer pasa-la ocupación por un simple enfrentamento entre familiares de escolares e unha inspectora. Deste xeito, contan non pilla-las mans: tapan as verdadeiras razóns da protesta, que vai moito máis alá da inspectora, e, pró caso que durara a tensión, teñen preparado o cambio de inspectora, co que a protesta pararía, anque, no fondo, todo seguiría igual.

A denuncia dos pais vai directamente contra do ministerio de Educación e máilas súas leis: arrincona-los rapaces da montaña na F.P. non indica máis cá tentativa de seguir perpetuando ós fillos dos probes como clase asalariada. Así, cando Eudoxia Sáenz, no curso pa-

sado, aprobara ós alunos do colexio de Baralla e deixara sen título ós da montaña, non fixo máis ca interpretar o pé da letra as leis do ministerio de Educación. Os pais xa non queren que lles aproben aqueles fillos que levan un ano agardando un título, senón que esixen que, dunha vez, rematen as discriminacións, que nunca máis haxa ningunha inspectora, ningunha Eudoxia da vida que separe ós nenos por nacer no monte ou nunha vila. E que nunca máis esa discriminación sexa a solución —monstruosa, por certo— buscada pra tapa-la falla de postos de B.U.P. en Galicia.

Aínda que coa ocupación do martes deron un aviso de moito nabo, polo que parece o ministerio de Educación debe ser oso duro de roer ou raposo vello que, escaldado de moitos enfrentamentos, manexa moita manobra. De resultas dunha investigación sobre os exames de graduado escolar recibiron un *apercibimento*, por faltas leves, dazasete mestras. Xogada perfecta: por culpa das irregularidades feitas polas mestras —apuntaren ós nenos—, os exames serán anulados, co que o ministerio lava a súa responsabilidade e coloca frente a frente a pais e profesoras. Aparte, a unión entre as mestras quedou esnaquizada: algunhas, pra non teren problemas, xa non deixarán presentar ós seus rapaces ó exame de graduado escolar.

Por se isto fora pouco, os efectos desta xogada perfecta conséguíronse con irregularidades e datos falsos: no escrito de *apercibimento* ás mestras non aparece mención ningunha ó regramentario dereito de recurso. Dise que son declarados nulos os exames por apuntarlles ós rapaces, cando a realidade é que das seis horas que durou a proba, as mestras da montaña estiveron cos seus alunos só a primeira media hora.

FALANDO LOGO DUN ANO DE ESPERA



sucede no país

Dazasete anos de moito nabo leva sen se rematar a carretera da Merza a Bascuas, en terras da Bandeira, por causa de tres veciños que condicionan a cesión das terras por onde ten que pasa-la vía a que se faga unha variante no traxecto. Segundo investigacións de PABLO VIZ, esta variante consiste en que o lugar da unión da carretera que vai da Merza á Bandeira e máis ás Cruces cadre diante da industria de pre-tensados que alí ten o señor Manuel Molina Sueiro.

Merza-a Bandeira

Dazasete anos de penitencia

Entre as aldeas da Merza e Bascuas comenzouse unha carretera un bo día, hai dazasete anos. Con ela os veciños vían unha posibilidade de desenrolo prá zona: os produtos do campo poderían chegar ó seu tempo ós mercados e a xente viría ve-las riquezas culturais de Carboeiro ou da igrexa do Salvador de Caamaño.

Súpetamente, cando xa faltaban poucos metros pra unila coas vías que chegan á Merza, uns veciños non deixaron entra-las pas da construtora nas súas leiras. A empresa acabóu de face-la carretera deixando un anaco de prado e monte sen abrir esperando a que falaran as autoridades. Agora —hai unhas semanas— remataron de asfaltala deixando uns centos de metros a prado e monte.

Hai dazasete anos que se iniciaron as obras e outros tantos que a carretera non vai pra adiante, cos mesmos trescentos metros de monte no medio, que a fan completamente desaproveitábel. Quedan ahí eses poucos metros coma un sinal da impotencia dos veciños de Merza e como unha vergoña pró axuntamento. A xente anda desaforturada porque toda posíbel solución foxe das súas mans pra se perder nas burocracias e nos papéis.

INTERES PRIVADO, A CAUSA

Despóis de ser subastadas as obras e ó tratar de realiza-las, xorde a oposición á ocupación dos seus terreos por parte de don Manuel Molina Sueiro e de tres veciños que condicionan a cesión das terras afectadas a que se faga unha variante no traxecto que a dita carretera ten que levar. Tal cousa, segundo o inxeneiro, é imposíbel por dúas razóns claras: gran desnivel, proximidade do río Deza, dificultades de visibilidade e de maniobras, e, sobor de todo, atravesar un grupo de casas no lugar de Sulago onde o pouco sitio non permite a dobre circulación.



Pra estes trescentos metros que faltan pra remata-la obra escomenzada só hai un remedio: expropiar. Máis cando esta solución se tramita xorde sempre unha paralización incomprensíbel que denota unha falta de autoridade nas persoas a quen lles corresponde axiliza-lo remate da carretera.

O axuntamento non puido facer un metro máis de vía nin retirar un metro de monte. Adicóulle moitas sesións nestes dazasete anos e como se nada. Unhas veces subastáronse e chegóuse, aínda, a ser adxudicadas as obras, pro, pouco máis adiante, o axuntamento «ratifica el acuerdo de la última sesión». Así, deica o vinte de nadal do 74 en que se subastaron, por derradeira vez, as obras ó traveso da Diputación de Pontevedra, segundo anuncio no seu día o Boletín Oficial da provincia; volvéronse a adxudicar pra, de novo e sen razóns aparentes, quedar paralizadas facendo xordeira ás moitas queixas e reclamacións que os veciños e os contratistas deixaron ouvir.

No 1961, un pleno da corporación, pedía das autoridades provinciais que se «autorice a este ayuntamiento para que pueda llevar a cabo las expropiaciones de los terrenos cuyos propietarios se niegan a cederlos, a efectos de que no quede interrumpida una vía de tanta importancia como la que nos ocupa, además del descrédito que supone para este ayuntamiento...». Hoxe, dazaséis anos deste acordo, o axuntamento está desprestixiado canto quere. Se cadra quere e non poda: quizaves o tempo dos caciques non rematóu aínda. Así, por exemplo, sábese que os contratos do axuntamento cos propietarios dos terreos se racharon dende o momento en que o señor Molina pedíu oitocentas pesetas por metro cadrado máilo peche con valos de contención prós terreos afectados. O pleno consideróu que «a valoración que fan os donos excede en moito ó seu valor real», polo que se acordóu segui-lo expediente de expropiación individual. Como se chovera. Alí non pasóu nada e non parece que poida pasar en breve tempo. Os fíos que movern os catro homes que non deixan pasa-la carretera polas súas fincas deben ser de moita envergadura porque, se non, a cousa non se entende.

Merza e Bascuas, coma outros puntos de Galicia, seguen agardando tempos millores. Pode que algún día aparezan aspas e leven por diante o anaco de prado que está impedindo o desenrolo destas aldeas. Disque o progreso empeza polas vías de comunicación; eiquí aínda non se pode ter desenrolo...

As Pontes

Non queren que os afumeguen

Sen autorización política e sen que algúns partidos e organizacións sindicais da esquerda estiveran de acordo, foi posíbel a mobilización popular nas Pontes de García Rodríguez pra protestar polo paro, a emigración, a contaminación e a explotación e colonización de Galicia. Algo máis de mil quinientos galegos recorreron durante tres cuartos de hora do día 9 varias rúas desta vila coruñesa pedindo, ademais, un hospital prá localidade, electrificación rural prás aldeas da bisbarra que aínda están sen ela, urbanización ó servizo do pobo e non á medida dos caciques e unha industrialización racional que sirva ás clases populares.

Cando un cuarto de hora despóis do mediodía os manifestantes saíron da praza de Cervantes (a praza das Zocas) había aínda quen pensaba o que podería pasar. Durante os días anteriores pola vila fixéronse correr intencionadamente rumores que declan que ía haber desordes e cargas da Guardia Ci-



LUIS GAILLOL

CON MAIS ABSOLUTA TRANQUILIDADE

... E NON ESTABA AUTORIZADA



LOBATO

vil, que non se recatou ela mesma en falar do asunto cos veciños. Houbo quen andivo afirmando que se queimarían os coches matrícula de León e que millor era quedar domingo nas casas. Por outra banda, as mesmas autoridades non chegaron a prohibir directamente a manifestación pro tampouco a autorizaron e tomaron bo cuidado de chamar a declarar ós veciños que firmaran a solicitude do permiso que lle mandaron ó gobernador. As veces estas declaracións eran tomadas mesmo espontaneamente cando algún veciño pasaba diante da Casa Cuartel.

O caso é que parte dos traballadores das Pontes polo menos venceron o medo e puxéronse ó fronte da manifestación coas súas pancartas. Non deixaron siquera que ocupara as primeiras filas a xente dos partidos aínda que esta non ocultou nalgún caso a intención de ir de guíeiro con bandeiras e pancartas.

Diante do Axuntamento houbo berros de *Postos de traballo na nosa terra, Caciques, fôra, Non á emigración, Por un hospital nas Pontes, Non á contaminación e Hospital, xa*. Son os berros que tamén se repetiron diante da porta principal de Endesa, diante da residencia de inxeñeiros e nas portas da casa do delegado da fábrica, Lucio Rubio, a quen lle gritaron *Lucio escoíta, o pobo está en loita*.

Cando na porta da fábrica a maioría da xente gritou *Fume non, traballo sí*, un grupo reducido de anarquistas deron a nota do humor berrando *Fume non, traballo tampouco, Xubilación ós catorce anos* e algunha outra acratada. Transcrrú todo dentro da máis absoluta tranquilidade sen que ninguén aldraxara a ninguén e sen que desentoa-

ran nin pancartas, nin bandeiras nin berros. Como diría polo megáfono un dos organizadores da marcha, «aquí soube-mos dar unha mostra de que distintas tendencias políticas e sindicais, e tamén a xente independente, podemos e debemos xuntarnos pra loitar polas causas que nos abranguen a todos». Na mente dalgúns estivo naquel intre a manifestación de Xove cando pensaron en alto que «a ver se isto é un comenzo e aprendemos a unírnos uns cos outros».

Luis Coello, da asamblea de traballadores da bisbarra que reúne a ocupados, parados e primeiros traballadores, falou ó remate pra agradecer ás forzas políticas presentes (estaban sobre todo xentes do Movemento Comunista de Galicia, da Asamblea Popular Galega, da Unión do Pobo Galego, da Liga Comunista Revolucionaria, da Asamblea Nacional Popular Galega, da CNT e ácratas por libre). Pediu firmemente que Endesa rectifique «a súa política colonial que deica agora ben facendo nas Pontes» e ó Axuntamento que «significativamente se poña da parte do pobo, pois así o pobo estará co Axuntamento».

Fontes da organización da marcha contaron a TEIMA que varios membros do Partido Comunista de Galicia e das Comisións Obreiras fixeron o que puideron pra desmovilizar este acto. Segundo parece, un candidato do PCG falou mesmo na vila da inoportunidade de que se fixera esta manifestación a poucos días vista das eleccións. Pola contra, outros membros das CC-OO na Coruña apoiaron a protesta do día 9 de xuño.

«FUME, NON; TRABALLO, SI»



LOBATO

Camilo, bispo galego no Palmar de Troya

«Non está lonxe unha nova guerra civil en España»

Entrevistouno en Sevilla LUIS POUSA

Chamo á porta do número 20 da rúa de Redes, en Sevilla. Abreme un rapaz con roupa talar, duns dazaoito anos, con solideo morado. «¿O bispo Camilo?», preguntéi. «Ten que celebrar. Hastra dentro de tres horas non está libre», respondéu con acento extranxeiro. Insisto e forzo a entrevista, cando aparece o bispo Alonso, o home das finanzas desta estraña comunidade, repartida entre a rúa de Redes e o propio Palmar de Troya, perto de Utrera, a uns corenta kilómetros de Sevilla. O bispo Alonso recoñecéume, porque xa faláramos noutra ocasión no mesmo Palmar, o día en que Clemente Domínguez arremetéu por medio dos seus bispos «secundarios» contra os que se atreveron a discuti-la súa autoridade públicamente —houbo couces e expulsións do recinto do que o custo con terras arredor foi de tres millóns de pesetas— e cando anunciou que ía se-lo sucesor de Pablo VI. Foi así en busca do bispo Camilo, antes crego ourensán de Rairiz de Veiga, perto de Xinzo de Limia, natural de Maside, e actualmente un doe mandamáis do organigrama xerárquico (bispos, leigos e relixiosas) do Palmar. Unha relixiosa canadense, que abandonara ó seu marido e ós seus fillos pra vir ó Palmar, diríame que «no Palmar encarnóuse a Santísima Trindade: o Pai fíxoo no Clemente, o Fillo no Camilo e o Espírito Santo no Alonso». Foi así cómo aparecéu no mesmo vestíbulo un home pequeno, de face tranquila e ornamentos episcopáis. A conversa, de pé a carón da porta de saída, desenrólase en falsete. Non se pode molestar ás sete dunha tarde sevillana ó bispo Clemente que deixa escoitar desde un cuarto, separado de nosoutros por unha cortina, un «introíbo ad altarem Dei», respondido por diáconos e subdiáconos. Falo entón tamén en falsete, magnetófono diante, co actual abad-superior das tres casas que a comunidade do Palmar ten en Sevilla.

CLEMENTE: O LUME DIVINO



«O que tiña que face-lo monseñor Temiño era coñece-lo Palmar»

— Vin á adorar. Por iso non necesitaba permiso do monseñor Temiño. Sentín a chamada aló polo ano 1972. O bispo de Ourense negóme sempre o permiso e incluso o seguir acudindo esporádicamente ó Palmar. Obedecín, anque non tiña obriga de facelo, durante dous anos. Pro chegou o momento de responder. Pedín entón permiso pra ingresar na orde relixiosa que se fa formar eiquí. O monseñor Temiño tomóuno entón a guasa e díxome que co tempo podía ser. Voltéi logo duns meses e aceptóu. Pro cando fun ó seu despacho pra que me firmase os papéis, leume unha carta de Bueno Monreal na que decía todo o contrario do que é o Palmar. Quedéi sen permiso.

— ¿E daquela qué fixo vostede?

— Díxenlle que o Cardeal estaba equivocado. «A xerarquía, a xerarquía...» ó que lle respondín que a xerarquía equivocábase como se equivocóu Cristo, a máxima xerarquía. O meu confesor ó que recurrín, a pesar de ser home de altísima virtude e ter revelacións do Altísimo, non está formado pra salta-lo Dereito Canónico. Pro ¿quén lle ata as mans a Deus que é o autor do Dereito Canónico? Tiven outra mensaxe. Díxome que era o último.

— ¿Pódese saber cál era o contido desa nova chamada?

— O Altísimo díxome que eu era libre, pro que me ativera ás consecuencias. Sobre o meu confesor afirmou «desfígo do padre...» E decidínme.

— Pro o bispo Temiño neste caso era o representante xerárquico da Igrexa...

— Neste caso o que tiña que face-lo monseñor Temiño era coñece-lo Palmar.

A voz do Padre Xeneral, como lle chaman ó bispo Clemente, agora cego tras do accidente do que safu ben parado o bispo Camilo, recórtase no impresionante silencio da casa cun «orate fratres», ó tempo que soa unha campaña.

— ¿Seguíu tendo contactos co bispo de Ourense?

— Eu daquela xa comprendera que ante Deus non hai xerarquía que valla. Cando se enteróu de que

me consagraban bispo, falou mal do Palmar na misa radiada da catedral. Logo aínda enviou sacerdotes pra me convenceren de que voltase. E hai algún tempo tamén veu por eiquí o seu secretario particular. Cre que estáu erradísimo. Sinto que estea el nese erro.

— ¿E vostede non quere voltar?

— Iso nunca. O Palmar é a manifestación de Deus pra rexenerar-la súa Igrexa. E unha parcela dirixida polo ceo directamente. Por iso paséi por alto a falta de licencias pra confesar. O permiso de xurisdición dábamo directamente Deus a traveso do Padre Xeneral.

— ¿Anda tan mal a Igrexa pra ter necesidade de rexeneración?

— Tanto, que en España facía falla unha intervención extraordinaria do Señor. Está destrozada no doctrinal, no moral e no cultural. Nos tres aspectos a situación está pervertidísima. O Palmar dixoxa hai tempo que en España entraría o comunismo, cousa que está a suceder, e que viría unha guerra civil.

— ¿Outra?

— Se seguen así as cousas, virá unha guerra civil. Xa non está lonxe.

— ¿Porque entróu Carrillo ou por qué desaparecéu Franco?

— Porque non se queren levar as cousas por onde hai que levalas. Cristianamente.

— ¿Foi causa importante a desaparición de Franco?

— Home, desde logo que ben víamos todos o que facía pola Igrexa. Era todo un cristián. Pro el so non podía facelo todo. Ultimamente víuse obrigado a transixir en moitas cousas.

— Hai quen di que vostedes recibiron axuda de personalidades moi relacionadas co Pardo...

— Nosoutros non recibimos axuda de ninguén que non sexa a Providencia.

— Ou sexa, que non cren na democracia que se aveciña pra España...

— E cómo crer se hai tanta herexía por medio... E principalmente a que as abraza a todas, ó materialismo, dentro do que se atopa o comunismo, que ven a se-la pervivencia de tódalas herexías pasadas.



«A Pablo VI bótanlle drogas na comida e no cáliz os cardeais, bispos e sacerdotes masóns»

O celebrante, padre Clemente, exclama profundamente no cuarto de detrás das cortinas «hoc...b», e o bispo Camilo ponse de xionllos coas mans recollidas. Soa un gran despertador que teñen colgado na porta de saída.

— ¿E cál é segundo vostede a solución a ese materialismo?

— Deixarse guiar polo Palmar.

— De tódalas maneiras, tamén podía vostede seguir as orientacións do Palmar desde a Limia ou renzá. ¿Ou aló non tiña campo, entre a xente labrega galega?

— Abstéñome de opinar...

— Os seus compañeiros cregos dixeron e dín que vostede era un

home introvertido e mesmo confidente do monseñor Temiño contra deles...

— Xa sei o que dixeron. Pro que sigan decindo o que queiran. O que eu son só o sabe o Señor. Defectos teréi moitos, pro dixeron de mín o que quixeron. Non digo máis nada.

— Dín que será vostede o bispo do Norte ¿é así?

— O norte enviouse a un bispo, pro desobedecéu. En realidade só obedeceron os bispos que non seguiron as correntes propostas polos videntes que teñen *interferencias*. Eu aceptaría ir porque debo estar sempre a disposición do Señor. Nada máis que por iso.



que se cre por mensaxes e revelacións.

— ¿E quén son os que drogan ó Papa?

— No Vaticano hai moitos masóns. Son cardeáis, bispos e sacerdotes masóns.

— ¿Tiveron vostedes algunha audiencia persoal co Pablo VI?

— Persoa a persoa, non. Pro o Padre Xeneral recibíu unha mensaxe súa desde a silla xestatoria, bendecindo ó Palmar.

— ¿Cál foi a última mensaxe que tivo o padre Clemente?

— Estes últimos días ten moitos. Non puido precisar, porque son tantos...

— Pro non parece que todos estean de acordo co Padre Clemente. Nestes momentos hai división. «Unha cousa é o bispo Clemente e outra o Palmar», escoidei berrar no recinto dos ritos...

— Foi unha ponla que esgazóu. Pro isto sempre sucede. O demo

sempre mete a pata e tenta derrama-la obra de Deus. Este é un lugar pra defende-la fe integramente. Pra iso o Señor víuse obrigado a fundar un clero especial, uns bispos e hastra un Papa, porque segundo as revelacións que tivo, o Padre Xeneral será o próximo bispo que se sentará na cadeira de San Pedro, co nome de Gregorio. Isto obedece nin máis nin menos a que o outro clero estése deixando arrastrar polo progresismo e polo comunismo. Haberá persecución e serán os bispos de Palmar quen salvarán a

Igrexa. Pra iso son consagrados tantos bispos hoxe.

— Parece sin embargo que vostedes só se preocupan dos ritos, dos vestidos..., e nunca dos problemas reais do mundo.

— Se non nos preocupásemos, non seríamos cristiáns.

— Pro...

— Ser cristián é interesarse polo ben de todos e tratar de favorecerlo antes nas almas. Hai que orar, orar, orar.... adorar, adorar, adorar...

«Esa porta. ¡Cálense!», - berróu Clemente Domínguez mentres decía misa nun cuarto cercano



Unha réplica severa chega entón hastra nosoutros: «Esa porta. ¡Cálense!». O bispo Camilo alporizouse. O seu fasete subira de tonalidade na última frase, e o Clemente Domínguez, que se preparaba pra dar comenzo a outra misa, ordenaba unha vez máis.

— ¿Por qué non queren decir nunca de ónde lles veñen os cartos pra manter a tantas persoas?

— Todo o que recibimos dáno-lo a Providencia. Non gañamos nada e témolo todo.

— Din que a CIA...

— Xa sei todas esas cousas que din da CIA e outras organizacións. Poden decir iso e moito máis. A Divina Providencia sostennos.

— ¿Xa saben cándo o Padre Clemente recobrará a vista?

— Moi pronto, moi pronto. De momento é o símbolo da cegueira que teñen os bispos que están contra do Palmar. Polo menos, nosoutros deixamos de estar sometidos a ela, porque Deus ordenábanos que a seguíssemos namentres non atacasen ó Palmar como o están a facer. Por exemplo, primeiramente nas súas mensaxes Deus mandaba que obdecemos ó señor Cardeal de Sevilla. Cando se puxo en contra, de ningunha maneira. Teñen falta de humildade. Por iso non recoñecen o Palmar. «Introibo ad alterem Dei...», comenzóu no cuarto do lado unha nova misa o Clemente.

— ¿Se cadra porque coñece ben ós galegos?

— De momento non estamos pra pensar nestas cousas. Ademais, sabemos que ninguén é profeta na súa terra. Polo mesmo, penso que de ser destinado, o Señor non me enviaría a Galicia. Millor penso que o mandato viráme pra fundar casas de relixiosos e bispos. Polo de agora tampouco temos aínda casa de relixiosos no Norte.

— Teñen vostedes á xerarquía eclesiástica en contra. ¿Síntese a pesar de todo auténtico bispo?

— Desde logo. Sen méritos e contra dos meus desexos, pro son bispo, porque o quixo o Señor. A xerarquía sofre unha total equivocación.

— ¿E o Papa Pablo VI qué dí do Palmar?

— O Santo Padre está connosco. E intimísimo noso coma nosoutros o somos del. Pro hai que distinguir nel dúas vontades. Unha, a falsa. Trátase daquela que está formada polas drogas que lle botan na comida e hastra no cáliz da consagración. Neste caso obra por coacción e ven ser un verdadeiro mártir. A outra vontade é aquela pola que procede, rarísimas veces, libremente, sen estar drogado. El sabe do Palmar máis do

pobos ibéricos

Algúns dos protagonistas da vida política portuguesa utilizan máscaras coas que procuran disfrazar a natureza da súa auténtica ideoloxía e, dese modo, ilusionar ó público que asiste ás súas representacións. Pesía todo, como no teatro, non é posíbel enganar ós espectadores durante moito tempo, e tres anos de vida política en liberdade bastaron pra os capacitar — tanto máis, que son, neste caso, os produtores de máis valía — a observar, máis alá das máscaras, as facianas auténticas que os referidos «actores» non conqueriron agachar completamente. De todo isto fálanos na súa crónica o corresponsal de TEIMA en Lisboa. *Carlos Porto.*

Está no Goberno un partido socialista con un programa que garante a defensa das clases traballadoras e das conquistas que tra-lo 25 de abril deron unha nova fisonomía social a este país. Con todo, na práctica, o Goberno socialista propón e executa unha política que se coloca descaradamente contra esas conquistas e, por tanto, contra aqueles que as impulsaron e se benefician delas, ou sexa, as clases traballadoras. Pra demostra-lo basta citar un comentario suscrito polo principal cronista político dun dos maiores semanarios portugueses, tendo en conta que o xornal en cuestión (o «Expresso») serve de portavoz ó ex-P.P.D., actualmente Partido Social-Demócrata, e que o comentarista, Marcelo Rebelo de Sousa, é membro destacado deste partido. Vexamos entón ó que nos dí na súa crónica de 28-5-1977, significativamente titulada *Unha historia «exemplar»:*

O P.S.D. CHAMA A ATENCIÓN

«Días despois do discurso de 25 de abril (1), o presidente do C.D.S., Diego Freitas do Amaral, propuña ó Goberno, ó P.S. e ó P.S.D. unha percura de plataformas conducentes a entendementos. O P.S. respondería, xenéricamente, centrando a cuestión na permanencia do Goberno, na ausencia doutras alternativas gubernamentais, e remitindo pra eventuais consensos puntuais acerca de propostas de Lei á Asambleira da República. A continuación, o P.S.D. propuña un encontro bilateral con o P.S. e tamén outra reunión análoga co C.D.S., precisando que non se trataba de apreciar a cuestión do Goberno, senón de analizar a situación política actual e buscar puntos de converxencia interpartidaria».

«Entretanto, ¿qué sucedía coa liña de orientación política do Goberno? ¿qué sucedía no plano das actuacións das súas bases, en varios eidos, do sindical ó estudiantil? Na súa orientación, o Goberno encamiñábase a unha orien-

Portugal

As máscaras da dereita

tación social-demócrata, e, en ocasións, máis moderada aínda, en sectores tan distintos como a educación, a reforma agraria, o traballo, as finanzas, os asuntos sociais (...). Ou sexa, con ou sen presións externas, forzado ou non polo equilibrio político interno, o Goberno socialista chegou a marcar unha liña que o afasta do P.C.P., e a concluir informal e, por veces, secretamente, acordos ou a alimentar converxencias co P.S.D., ou C.D.S. ou o P.P.M. (Partido Popular Monárquico, situado á dereita)».

Polas expresións que tivemos-lo cuidado de suliñar, o lector poderá verificar cal ten sido, de acordo cas afirmacións dun responsable social-demócrata, a política real do P.S. Aquí temos, pois, un Goberno que utiliza unha máscara socialista e práctica, en sectores fundamentais, non sómentes unha política social-demócrata senón que consegue

situarse aínda á dereita da socialdemocracia. Isto, repetimos, de acordo con o xuício correcto e non sospeitoso dun estimado defensor da socialdemocracia.

¿MAIORIA PRESIDENCIAL?

Parecería lóxico, de acordo con isto, que o P.S.D. mostrase unha certa satisfacción e se dispuxese a apoiar, sen reservas, un Goberno que está a practicar unha política que, aparentemente, debería se-la súa. Pro, cousa curiosa, o P.S.D. non está satisfeito coa política social-demócrata do P.S. Por eso dun xeito case inesperado, pasa á ofensiva, superando as diferencias ideolóxicas que deberían separalo do partido situado á súa dereita, o C.D.S. e hastra os incidentes ocasionais que teñen marca-

dos dous partidos. Velahí ó P.S.D. e ó C.D.S. unidos naquelo que chaman, con graciosa delicadeza, «converxencia democrática» e facendo apelacións ó P.S. no senso de que se lles una co obxectivo de formar aquilo que chaman a *maioría presidencial* con base no factor, irrelevante, dos tres partidos teren apoiado a candidatura do xeneral Eanes á Presidencia da República.

Poderáse perguntar: pro, entón o P.S.D. defende a socialdemocracia ou defende unha práctica política coa que poida estar de acordo e hastra colaborar un partido caracterizadamente dereitista como é o caso do C.D.S.? Pra responder a esta pregunta, basta lembrar-la situación lamentábel das Azores, onde un Goberno rexional P.S.D. favorece un clima de violencia e terror, segundo declaracións de personalidades responsábeis do P.S. A explicación pra todos estes fenómenos de aparente incoherencia é simple: é que baixo a máscara da socialdemocracia, o P.S.D. revela a súa verdadeira faciana de partido da dereita, hipotecado ós grandes intereses capitalistas internacionais, e especialmente norteamericanos, e orientado por elementos dos que a única oposición ó rexime fascista foi de carácter legalista (algúns deles foron deputados á Asambleira Nacional de Marcelo Caetano, onde defenderon a liberalización do réxime e non a súa transformación).

¿UNHA MASCARA MAIS?

A «converxencia democrática» P.S.D.-C.D.S. ten a ventaxa de clarifica-la nosa realidade política colocando ó P.S. diante da responsabilidade histórica de ser efectivamente un partido ó servizo dos traballadores e non un partido disfrazado de socialista. Non é certamente casual que encontremos nas máis recentes declaracións dalgúns dos seus dirixentes expresións como a defensa dos intereses dos traballadores, o cumprimento da Constitución como paso a un réxime socialista, a repulsa pola marxinação do P.C.P. Neste intre, estas expresións toman un significado especial. Resta verificar se, na práctica, poseen un contido real e non son, tamén, unha máscara. Diso depende, en grande parte, o futuro da democracia e do proceso socializante que estamos a vivir, con grandes atrancos, en Portugal.

(1) *Discurso do Presidente da República ó que nos referimos na nosa última crónica. Como previamos, as palabras do Xeneral Eanes están sendo explotadas no senso de constituiren o aval dunha política dereitista da que o P.S. debería se-la principal soporte.*

A cousa empeza agora

X. P.

O problema era facer decidirse ós indecisos, non poucos, dacordo cos últimos sondeos. Deso viñéronse encargando as propagandas, de tódolos coores, os consellos máis ou menos amistosos, pro sempre con dobre filo e as cartas remitidas atentamente por algúns candidatos e hastra — e moi especialmente — «polo candidato». Cando este número chegue ás mas do lector, xa estará éste de volta das urnas e xa saberá qué pasou realmente e hastra qué punto os sondeos, encondidos ou publicados eran reflexo da realidade. Así as cousas, non xogaremos eiquí ós pronósticos, a eso de sacar tantos por cento a uns e darllos a outros. Nada diremos tampouco da participación. Algúns observadores din que a abstención será menor que no referendum do último mes do ano pasado. Xa saben que «abstención» e «boicot» son palabras cáseque malditas, aínda que non deixan de ser unha maneira de «votar», de manifestarse. Pro, o dito, o lector saberá de sobra ó leer estas liñas todo o que pasou. Poderá comprobar se se produxo algunha vitoria contundente ou cómo as forzas escollidas se prestan a xoga-la promoción dos pactos, nos entreactos do proceso que se abre. E importante que os electores — votadores ou boicoteadores, con perdón — non perdan de vista eso que se abre. Porque todo empezará o día 16, ou un día despois por aquilo da resaca. E escribimos «todo empezará» porque hastra ese intre todo quedou aplazado, subordinado, condicionado. Todo é nada máis e nada menos que os intereses e as reivindicacións populares, esas que xurdiron a berros e con sangue, sudor e bágoas, no agro, nas fábricas, nas cadeas, nas escolas e universidades, nas rexións e nacionalidades, en todos aqueles sitios preñados de vida e de loita. E un compromiso moi grande, decisivo. Haberá que esperar entón a que o do 15 non sexa o parto dos montes. En tantos por cen, claro.

Seis días denantes das eleccións, COSTA CLAVELL dende Barcelona referíase a un certo cansancio por parte do electorado catalán, ó tempo que repasaba o espectro político e adiantaba algúns pronósticos d'accordo coas «dudosas profecías dos sondeos». Veliquí a súa crónica.

CATALUNYA

Os sondeos falan dun Centro-esquerda

Aínda que en Catalunya o fracionamento non é tan acusado como en Galicia, tampouco se pode dicir nin moito menos que o electorado catalán non sinta certo vértigo ó asomarse ó complexo campo das opcións que os partidos lle propoñen. Hainos de dereitas, unión de centro democrático, centro dereita, centro esquerda, socialistas, comunistas e de coalicións de esquerda.

NON O ESTATUT

Na dereita ocupa a primacía do espacio político catalán a chamada «Convivencia Catalana», coalición integrada polos sete partidos de Alianza Popular, o Partit Democràtic Català, de glinati e maila Unión Democrática del Progreso Social, de J.A. Trabal. Os primeiros postos desta candidatura ocúpanos López Rodó, Jorge Canesas Llansana, ex rector da universidade de Barcelona, Udina Martorell, Linati e Claudio Colomer Marqués, ex director da escola vde periodismo de Barcelona, «El Correo Catalán» e Radio Nacional de España en Barcelona. Esta coalición rexeita o Estatut de 1932. E neofranquista e claramente continuista.

A improvisada e sucursalista Unión de Centro Democrático que presenta como homes de Suárez en Barcelona a Carlos Sentis e Jiménez de Parga —homes hábiles e maniobreadores, pro pouco populares eiqú— rexeita tamén o Estatut e propugna o Consell General creado polo Goberno Suárez e que refugan

tódolos partidos de obediencia catalana.

SI O ESTATUT

O centro-dereita está composto pola Unió del Centre, de Güell e pola Unió Democrática de Catalunya, ou sexa, a Democracia Cristiá Catalana. Nos primeiros postos desta candidatura figuran Canyellas, Güell, Badía, Molíns, Ardevol y Cuatrecasas. Defende o Estatut e presenta un programa moi moderado e posibilista.

O centro-esquerda está formado por Convergencia Democrática de Catalunya, Esquerra Democrática de Catalunya, Partit Socialista de Catalunya (R) e Front Nacional de Catalunya. Os candidatos son Jordi Pujol, Trías Fargas, Verde i Aldea, Roca Junyent Cullerell e Colominas. Trátase dunha coalición nacionalista non separatista, demócrata e socialmente avanzada. Tira cara a social democracia e reivindica o Estatut.

A coalición socialista íntegra o Partit Socialista Catalán (C), a Federación Catalana do PSOE e os socialistas independentes que siguen a Rodolfo Guerra, despois de escindir-se do PSC (R). Nesta candidatura figuran Joan Reventós, Triginer, Andreu i Abelló, Marta Mata e Rodolfo Guerra. Reivindican o Estatut e no seu programa propugnan a transformación da sociedade no senso de que non sexa posíbel a explotación do home polo home. Esta coalición é moi popular hoxe en Catalunya, e de xeito moi especial nos predios intelectuais.

PSUC, FORZA INNEGABEL

O Partido Socialist Popular preséntase co nome «Unidad Socialista», figurando ó frente Jaime Mota e Xavier Nart. O programa é moi semellante ó da coalición socialista que o precede nesta crónica. Polo demais, hai que dicir que o PSP ten escasa incidencia eiqú.

O Partit Socialista Unificat de Catalunya (PSUC), os comunistas cataláns, vai en solitario. A cabeza da candidatura figuran Gregorio López Raimundo, Antonio Gutiérrez, Sole Tura, Miguel Núñez, Alfonso Carlos Comín e Monserrat Roig. O PSUC defínese como «partido nacional catalán baseado nos principios do marxismo, do leninismo e doutras aportacións posteriores do pensamento revolucionario». Propónse «defende-los intereses da clase obreira» e reivindica o Estatut. A súa forza no sector obreiro catalán e innegabel. Hai outros partidos legalizados que se presentan tamén en solitario. Ahí están a Alianza Nacional 18 de Julio, franquista e que refuga o sistema democrático, cunha candidatura encabezada por Antonio Pellejero.

Reforma Social Española, que se autonea social demócrata e que ten por líder a Manuel Almodóvar.

FE de las JONS (Auténtica), que propugna o nacionalsindicalismo e a autoxestión e cuía candidatura encabeza Adolfo Martínez Rubio, e o Partido Proverista.

Queda logo a Lliga que pretende hereda-lo ideario de Francesc Cambó. Defende o Estatut e presenta un programa económico de corte liberal. Pode situarse nun centro-dereita. E un partido nostáxico de homes entrados en anos. Os máis representativos son Millet i Bel e Figueras.

OS NON LEGALIZADOS

Veñen despois as coalicións de esquerda integradas por partidos non legalizados. Esquerra de Catalunya-Front Democratic Electoral está integrada por Esquerra Republicana de Catalunya, Estat Catalá, Partit del Treball, Associació Catalana de la Dona e independentes. O frente da candidatura fi-

guran Heribert Barrera, Manuel Gracia e Anna Mercadé. Reivindica o Estatut e mailo inmediato regreso do Presidente Tarradellas e decántanse no seu programa por un socialismo democrático.

A CUPS (Candidatura de Unidade Popular pró Socialismo) está promovida polo Bloc Catalá Popular d'Esquerres i pel Socialisme e íntegrae o Moviment Comunista, o Partit Carlí e independentes. Encabeza esta candidatura o independente Salvador Casanova e nela figura o preso político catalán, Pons Llovet. Boa organización e pouca incidencia popular.

No Frente pola Unidade dos Traballadores insértanse Organización de Izquierda Comunista, Liga Comunista Revolucionaria, Acción Comunista e o Partido Obreiro de Unificación Marxista, xunto con independentes. Emilio Espiñin e Juan Montraveta encabezan esta candidatura que propugna a dictadura do proletariado.

E quedanos por último a Candidatura dos Traballadores (CT), apoiada pola Organización Revolucionaria dos Traballadores —marxista-leninista— e que encabezada por Avelino Hernández e Jordi Miguel Luciano, goza de non poucas simpatías entre os obreiros mozos.

A DEREITA NON GAÑA

As dudosas profecías feitas nos sondeos veñen, polo de agora, situando á cabeza das votacións as candidaturas dos socialistas da coalición, a do Pacte Democràtic per Catalunya (Pujol, Trías Fargas, etc.) e o PSUC —partido moi ben organizado, cun compacto núcleo de militantes— que parece se-lo terceiro en discordia.

O centro-dereita, sempre dacordo cos sondeos, terá tamén unha considerábel votación. En troques, nin a Alianza Popular nin a Unión de Centro Democrático lles pronostican os sondeos votacións moi halagüeñas que digamos.

Os partidos que se presentan en solitario, coa excepción do PSUC, e as coalicións de esquerda practicamente non son tidos en conta.

XUNTOS FA REMOS UNHA GALIZA MILLOR

Queremos aproveitar en favor de Galiza
toda a información útil
que haxa sobor da nosa rexión.

**PD
TCG**

Sen dúbida existen múltiples traballos e estudos realizados por persoas e institucións galegas, sobor diferentes aspectos da realidade da nosa terra: industriáis, gandeiros, pesqueiros, ecolóxicos, laboráis, culturais, educativos, agrarios, económicos, sociáis, etc. O Plan vaise ocupar desta problemática con relación ó territorio e ó sistema de relacións sociáis da súa poboación. Por elo, todo o que nos axude a millorar o coñecimento dos factores que configuran a nosa rexión, beneficiará a súa execución, e, en definitiva, contribuirá a forxar un futuro millor para Galiza. Dirixímonos a todos os que teñan algo que aportar neste senso, pra que se incorporen connosco na tarefa de facer un Plan Territorial ó servicio da nosa terra.

Plan Director Territorial de Coordinación de Galiza
Rúa da Rosa, 16. SANTIAGO DE COMPOSTELA



Adéus a un oficio escravo:

Os cabaqueiros

PEREGRINA LAMAS

Tódolos anos, ó chegar abril, os homes da Guardia e O Rosal tiñan unha cita camiño de Castela, que non só os segadores ían aló. Tódolos homes capacitados desta zona, e máilos rapaces que xa tiñan unha idade de once ou doce anos pra arriba, saían, cadaquén como podía, pra traballaren nas chairas castelás; na terra non quedaban máis cás mulleres, atendendo ós labores da casa e do campo. Eles, os *cabaqueiros*, ou sexa os telleireiros, ían gaña-la vida amasando barro noutras terras.

A temporada era de cinco meses, de abril a San Miguel, o vinteno de setembro, collendo a época de máis calor; logo, ó empezar a refrescar, ó chega-lo frío, as condicións de traballo, coas mans e os pés no barro, comencan a ser infra-humanas e perxudiciáis prá saúde. Amáis, coas neves, o material empeza a escachar e o traballo non ten o rendemento que fai falla. Compre, póis, a volta ás súas casas, e agardar á próxima primavera. Volven á *Galleira*, Galicia no seu verbo.

FACENDO A TELLA

Durante a época de traballo as condicións de vida son penosas abondo. Normalmente traballan a mantido, e a comida é extraña e polo regular mala; o traballo moito.

Hai que cava-lo barro e despóis amasalo; algúns teñen un burro que llelo amasa, pro os máis teñen que facelo a man, cun sachó, a golpes. Sácano cunha aixada e fan uns bolos grandes que logo pisan pra alisa-lo barro, por mor de que o oficial xa poida empezar a face-las tellas, que logo o *chirigoto* (pinche) tende nun formal. A tella levántase e engánchase pra que seque; desque está seca, recóllese, embrazá-dase e aséntase nunha *muela* de un, dous, tres ou catro en alto.

Agora xa se pode empezar a carga-lo forno, sobre unha capa de ladrillo, unhas dunha cara e outras doutra; logo pónselle a tapa enriba



CABAQUEIRO FACENDO
TELLAS EN CASTELA

e méteselle lume ó forno. Cocendo a tella o traballo é moi duro, póis que pode estar hastra dous días coas noites cuidando de lle botar leña —palla centea, triga ou de orxo, madeira de carballo, enciñeira ou «jara»— e ter conta tamén de que o lume non baixe nin se faga moi grande, xa que a tella pode torcer e daquela é moi difícil de colocar, e á fin non tella ben. Se o material sae queimado de máis, hai que deixalo enfriar oito días.

Desque está cocido descárgase o forno pra cargalo outra vez, que o proceso non se interrompe nunca, cada un ten a súa misión e a cadea traballa arreo.

Despóis de saír do forno bótase tamén nunha *muela* de un, dous, tres ou catro en alto, segundo a ra-

DEFENSA CONTRA OS CASTELANS

Mais non é só o traballo o que fai dura a estancia en terra allea, nin a tan aireada morriña galaica. O peor é que todo pobo sinte a non se sabe qué estraña satisfacción ó verren a a outros por baixo deles, e facéndollo ver continuamente; neste caso, coma noutros, eran os casteláns os que sentían baixo de si ós galegos. E adicábanlles coplas ferintes ou simplemente xocosas (*los gallegos en Galicia, cuando se van a casar, llevan la barriga llena de taruguillos de pan*). E os galegos trataban por tódolos medios de se colocar á súa vez nun plano superior ós casteláns, valéndose de varios recursos.

Un deles era non calar nunca a esas cántigas e, a xeito de regueifa, responder con outra aínda máis ferinte ou xocosa (*los castellanos de Castilla, cuando se van a casare, llevan a muller por burra, pra os galegos montare*).

Outras veces había que se escudar na superioridade do galego como pobo e botar man de canto ilustre gobernante ou non gobernante nacera por estes lares (Franco, Dato, Canalejas...)

Pro a defensa máis grande era a lingua empregada, unha lingua da que os casteláns non entendían nin media palabra. Non é ó galego ó que nos estamos a referir, senón ó verbo dos *cabaqueiros*, do que só son galegas as palabras diferenciáis abondo pra non seren comprendidas polos casteláns; o resto das voces teñen unha orixe descoñecida, que debería estudiarse en conexión con outras linguas gremiáis (*pariña argina*, «ahí ven o amo»; *choco*, «caldo»; *burel*, «touciño»; *bilrara*, «aceite»...).

A finalidade do verbo, usándo en Castela, era, segundo afirman os propios telleireiros, evita-la comprensión por parte dos casteláns; procuraban falalo todo o que podían diante deles. E á pregunta *¿qué estás hablando?* respondían que a súa fala, a de alá da súa terra, ou sexa, o galego claro e enxebre; e logo viña a fachenda de falaren unha lingua que os outros non entendían, mentres os cabaqueiros sí os entendía a eles.

Hoxendía xa ninguén sae de eiquí a facerlles tella ós casteláns, sendo asimillados os artesáns polas fábricas de cerámica da comarca. Os poucos restos deste oficio manual están sendo destruídos, como se a xente tivera presa en pechar canto antes un capítulo máis da nosa escravitude batendo o zoco polo mundo adiante.

OS LIBROS-TEIMA

(Ou como conseguir de balde unha completa biblioteca galega)



Agora ten a posibilidade de facerse cunha completa biblioteca galega sen gastar un can. Todo o que debe facer é fiarse das instrucións:

1) Fágase suscriptor de TEIMA, por un período dun ano, e suscriba a dous amigos.

2) Remítano-las tres suscripcións.

E xa está. A volta de correo recibirá un lote de libros galegos sobre a temática que lle pete: ensaio, novela, historia, gastronomía, política, temas actuais...

Por suposto, pode repeti-la operación cantas veces queira e poida. En cada ocasión recibirá un distinto lote de libros.

Contribúa a que TEIMA medre... e faga medra-la súa biblioteca.

NOME	_____	
DOMICILIO	_____	
POBOACION	_____	
PROVINCIA	PAIS	
_____	_____	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMEMSTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º _____		
XEITO DE PAGO: <input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º _____ DATA _____		
<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN _____		
<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO		

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Escriba á rúa do Hórreo, 94-Entrechán—D
Departamento de Suscripcións.

Homenaxe a Castelao

Nomes prá comisión

Continúa aberta a votación hastra o trinta de xuño. A día oito, as votacións pra eleixir comisión organizadora daban o seguinte resultado:

Celso Emilio Ferreiro	56	Francisco Pillado	6
Xesús Alonso Montero	51	Luis Soto, Laxeiro	5
Xosé Manuel Beiras	42	Isaac Díaz Pardo, Siro López Lorenzo, Uxío Novoneira, Antonio Quesada, Ramón López-Suevos	4
Ramón Piñeiro	39	Xosé Filgueira Valverde, Alvaro Xil, Sixto Seco, Margarita Ledo Andión, Xesús Vega Buxán, Xaquín Marín, María Elena Gago	3
Xosé Luis Méndez Ferrín	32	Alfonso Alvarez Gándara, Carlos Otero Díaz, Camilo Xosé Cela, Bibiano Morón, Carmen Santos Castroviejo, Pedro Arias Veira, Manuel Peña Rei, Ramón Valcarce, Santiago Alvarez, José María Castroviejo, Reimundo Patiño	2
Eduardo Blanco Amor	30		
Carlos Casares	29		
Manuel María Fernández Teixeiro, Domingo García-Sabell	15		
Alvaro Cunqueiro	13		
Ricardo Carballo Calero	12		
Valentín Paz Andrade, Luís Seoane	11		
Xosé Neira Vilas, Francisco Rodríguez	9		
Xaime Illa Couto	8		
María Xosé Queizán	7		

CON UN VOTO:

Antonio Fraguas, Ramón Baltar, Fernández Albor, Benito Varela Jácome, Domingo Fernández del Riego, Francisco Fernández del Riego, Fernando M. Randulfe, Anxel Fole, Salvador García Bodaño, Agostiho da Silva, Ramón de Valenzuela, Carlos «O Xestal», Manuel Beiró Buxán, Sebastián Martínez-Risco, Manuel Iglesias Corral, Benedicto Conde, Gonzalo Torrente Ballester, Miro Casabella, Ricardo Torres Paris, Camilo G. Suárez-Llanos, Marino Dónega, Chamoso Lamas, A irmá de Castelao, Xaime Quesada, Rafael Bárez, Baldomero Cores, Valentín Arias, Xavier Costa Clavell, Xosé María Alvarez Blázquez, Xerardo Moscoso.

Unha homenaxe a Castelao

TEIMA trata de servir de canle prá organización dunha homenaxe a Castelao no 27 cabodano do seu pasamento. Téntase que sexan os propios lectores —e non lectores— quen elixan unha comisión organizadora composta por cinco membros e decidan, aportando suxerencias, o xeito de homenaxe que coiden máis efectivo. Durante un prazo de dous meses, TEIMA publicará semanalmente boletíns de voto coma o que se adxunta. Utilíceo, se fai favor.

COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivera formada polos seguintes señores:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____

XEITO DE HOMENAXE

Entendo que o millor xeito de homenaxear a Castelao é:

- Erguerlle un moimento
 Outros (especificar)

NOME: _____

DIRECCION: _____





O actual sistema de oposicións é un vello mecanismo que en esencia non foi modificado dende a promulgación en 1857 da Lei Xeral de Instrución Pública (Lei Moyano) e normas posteriores. Como a meirande parte das disposicións hoxe vixentes no campo educativo, é o resultado dunha concepción anacrónica en materia educativa, froito dunha estrutura centralista, burocrática e autoritaria que, salvo cortos períodos, configura a historia deste último século.

Se ben os sectores máis progresistas criticaron de sempre o sistema de oposicións, é nas situacións de profunda crise social, como a que hoxendía está a vivi-lo país, cando amplos sectores de ensinantes se pronuncian abertamente contra el, e a longa folga dos PNNs do Bachillerato dos meses pasados pono de manifesto.

Nembargantes, amáis dos PNNs, outros sectores de ensinantes fixeron ouvi-la súa voz ó respecto: xunto ós traballadores do ensino privado as diversas comisións de parados dos distintos Colexios de Licenciados pronunciáronse no mesmo senso, denunciando a falla dunha política educativa coherente que trata de solucionar-los graves problemas que hoxe mancan o sistema educativo español.

E esta prespectiva a que configura o presente traballo da Comisión de Paro e Subempleo do Colexio de Licenciados de Pontevedra.

ENSINO

As oposicións dentro do conxunto do sistema educativo

Se algo caracteriza na actualidade a situación dos profesionáís do ensino (a non ser reducidos sectores que conqueiron a súa condición de funcionarios perennes) é a inseguridade nos seus postos de traballo.

Por outra parte, e nos últimos anos, configuróuse un verdadeiro exército de reserva formado polos licenciados e mestres en paro, na súa meirande parte procedentes das últimas promocións, que dá ós empresarios do ensino opción a unha man de obra de recámbeo, barata e doada de conseguir.

A formación desta masa de parados é o froito dunha política abraiante e incoherente seguida polos ministerios franquistas e vergonzosamente continuada polo goberno actual. Política incoherente, xa que con un razoábel grado de exactitude a demanda dos ensinantes é facilmente estimábel ó es-

taren os factores que a determinan nas mans das autoridades do ministerio: tamaño da poboación escolar, grado de escolarización, n.º de alumnos por aula, n.º de asignaturas nos programas, grado de especialización dos ensinantes, xornada de traballo... son outras tantas variabeis froito dunha política educativa.

Xunto á falla de planificación educativa, a política ministerial concrétese nun continuo agacha-lo problema da escolarización total e eficaz da poboación infantil e xuvenil e no abandono dunha parte sustancial das tarefas educativas nas mans privadas. Argumentando dificultades económicas prá súa realización no primeiro caso e cedendo ante os fortes grupos de presión, hoxe esistentes no ensino privado, no segundo.

A esta política de agacha-la cabeza ós problemas enfréntanse

cada vez máis amplos sectores do país, esixindo un reaxeitamento do sistema educativo cun aumento sustancial dos presupostos na educación que fagan posíbel a escolarización total e gratuita da poboación comprendida entre os 4 e ós 16 anos. Esta medida, xunto a outras encamiñadas a millora-la calidade do ensino, crearía novos postos de traballo reducindo o importante paro que hoxe sofre o sector.

Nembargantes, o presuposto adicado a educación segue cáse-que inamovíbel, adicándose en xeral os aumentos anuáis a subvencionar un ensino privado (1) do que o mantemento e sostén entra en contradición co principio de igualdade de oportunidades, que se ollamos prá s declaracións oficiáis constitúe un dos alicerces propagandísticos da política do MEC.

E neste marco xeral onde o sistema de oposicións, como única

forma de chegada ó ensino estatal, configúrase perfectamente como barraxe que arreda a un n.º importante de profesionáís do ensino cara ás situacións peor retribuídas (privada e interíns estatal) e aumenta arreo o n.º de parados hastra achegalo ó dos licenciados en activo.

Só baixo esta óptica son comprensíbeis os esforzos do ministerio por manter unhas probas consistentes na memorización dun cento de temas (cos que incluso negocian certos grupos vendéndoos por unhas 15.000 pts.) e nas que o esforzo e as circunstancias en cada intre (disponibilidade de tempo nos meses previos) xogan un papel determinante. Amáis, estas probas pouco din da capacidade pedagóxica do opositor, punto moi importante tendo en conta que a súa función é ensinar.

O DECRETO DO 18/2/1977

A fórmula do concurso-oposición arbitrado prá presente convocatoria afonda nos aspectos negativos do sistema de oposicións do período anterior.

—Rexeita ós licenciados das últimas promocións, a meirande parte deles sen experiencia educativa, ó esixirles un ano de docencia ou ben ter feitos os cursifios do ICE, non obrigatorios en anos anteriores.

A realización do ICE, amáis das prácticas, limatase a aturar unha serie de monótonas lerias, dadas por teóricos expertos en Ciencias da Educación, dos que o desprestixio nos eidos universitarios e o sentimento xeralizado de perda de tempo dos cursillistas son boa mostra do dito.

Amáis, a esixencia dunha maior formación docente do profesorado debe ir acompañada dun reartellamento dos temarios das licenciaturas, coa inclusión de asignaturas ou creación de especialidades, que aumente a capacidade e preparación pedagóxica-didáctica dos licenciados nas súas respectivas áreas de especialización.

—O excesivo peso que se lle dá na fase de concurso ós dereitos adequeridos, antigüidade, en perjuicio da valoración do expediente académico e do labor de investigación e publicación de traballos de carácter científico-pedagóxicos, é outra medida discriminatoria prós licenciados e parados que tentan chegar por primeira vez á docencia e retarda a necesaria renovación pedagóxica-profesional que require o sector.

—A distinta valoración de antigüidade nos centros estatáis e privados é unha aldraxe ó conxunto dos ensinantes que exercen non sector da privada, que teñen de engadir á súa xa precaria situación de inestabilidade no emprego, sometemento a presións ideolóxicas e peores salarios, esta nova vexación.

—O seu carácter centralista ma-

niféstase claramente nun temario que non recolle nin ten en conta a realidade plurinacional do estado español, negada sistemáticamente por unha política educativa de claro signo «uniformista».

O decreto é unha medida claramente encamiñada a dividir, aínda máis, e enfrentar entre sí ós distintos sectores de ensinantes e pon ó orde do día a reivindicación dun corpo único onde se integren tódolos ensinantes.

Derradeiramente, e pra rematar, o concurso-oposición ó pór na dispoñibilidade unhas prazas hoxendia ocupadas polos PNNs ignora un dos dereitos inalienabeis de todo traballador, a estabilidade nos postos de traballo.

POSIBEL ALTERNATIVA

O rexeitamento expreso do actual sistema de oposicións como única forma de chegada á docencia estatal non ten porqué conlevar, como nalgúns medios se dixó, a formulación precisa de formas alternativas de chegada ós mesmos postos. Polo menos, mentres o exercicio da docencia no ensino estatal conleve a unha situación de privilexio na maioría dos casos (maiores soldos, estabilidade e garantía de independencia) respecto do conxunto dos ensinantes da privada.

Só no seo dunha radical transformación do entorno educativo que modifique sustancialmente as condicións de traballo do sector ten senso plantexar novas formas de acceso. Cámbeo do entorno educativo que debe reduci-lo escandaloso paro que sofre o sector e igualas condicións de traballo de todo o profesorado.

A redución do paro só pode ser froito dunha política de creación de postos de traballo con dous eixos esenciais:

1.º.— Escolarización total e en boas condicións. Isto supón xunto á creación de novos postos a adopción dunhas medidas encamiñadas

a millora-las condicións en que se imparte o ensino, entre elas:

— Dotación en tódolos centros do profesorado e personal especializado necesario pra cubrir toda unha serie de actividades, algunhas delas: bibliotecas, clases prácticas, recuperacións, pedagogos, gabinetes de sicoloxía... seguen hoxe desatendidas. (2).

—Disminución do n.º de nenos por clase (dos 40 ou 50 que hai na meirande parte dos centros, sobre todo na privada, ós 28 recomendados pola UNESCO).

—Esixencia de dedicación exclusiva do profesorado e descentralización dos centros de ensino dos medios urbanos reduciñdo así o pluriemprego.

2.º.— Extensión, en ambos sentidos, do período de escolaridade obrigatoria entre os 4 e ós 16 anos. Pra elo é indispensable:

— Creación dunha rede de garderías e centros de preescolar atendidos por personal especializado.

—Unificación do ensino medio nun ciclo único, baseado nun programa polivalente que remate coa actual división entre BUP (rama teórica) e FP (rama manual).

Por outra parte a igualación das condicións profesionais de tódolos ensinantes, así como a existencia dun ensino unificado nun marco no que sexa factíbel o principio de igualdade de oportunidades é incompatible co mantemento da ac-

tual política de subvencións de forte respaldo ó ensino privado, que só responde á triple óptica:

—Do empresario seglar quen, a pesares das súas declaracións sobre a liberdade do ensino, segue a ver nel unha relación mercantil, o seu negocio.

—Das ordes relixiosas, que ven no ensino unha plataforma ideolóxica.

—Dos sectores máis reaccionarios e clasistas da nosa sociedade prós que a desigualdade de procedencia social debe verse plasmada nunha escola «diversificada» na que eles ocupan un lugar privilexiado.

A creación do corpo único de ensinantes, como paso previo á igualación de condicións profesionais e salariais, só é posíbel nunha estrutura educativa na que o sector público xogue un papel decisivo.

Por último, e nun marco educativo distinto, o acceso ó ensino debe entenderse coma unha progresiva incorporación dos licenciados dende as respectivas facultades, nas que ó longo dos seus estudos recibirán unha formación pedagóxica-didáctica que os capacite pra o desenvolvemento das súas actividades. Forma de acceso que debe ser completada cun periódico control do labor docente, pra todo o profesorado, feito por unhas comisións nas que estarían integrados os profesores, os alumnos, as asociacións de pais e o sindicato de ensinantes, entre outros.

(1) Evolución anual das subvencións nos últimos anos e participación no presuposto de gastos do MEC:


ANO	Total de subvencións (en millóns de pts)	Total presuposto de gastos do MEC (en mill. pts)	Participación subvencións (4/5)
1973	780	65.251	12,2%
1974	5.434	81.097	6,7%
1975	10.150	101.017	10, %
1976	18.200	132.003	13,8%

(2) Segundo artigo aparecido no Ideal Gallego do 2-3-1977 ó cubrirense as devanditas actividades terían traballo en Galicia 408 PNN,s máis dos que xa hai na actualidade. O mesmo tempo a redución de número de nenos por aula colocaría a outros 400 PNN,s novos.



ECCE HOMO

Editado polo MCE no seu voceiro «Servir al pueblo» nos tempos de Fraga como ministro de Gobernación, o Movemento Comunista de Galicia fíxolle un cativo amaño pra adaptalo ás circunstancias actuais. O cartel circula públicamente polas rúas das principais cidades galegas pra escarnio e maldizer de alianzapopulistas. Nós limitámonos a reproducí-la imaxe. O pé do dibuxo deixámolo pra outra por aquilo do «libelo». Maxinen...



A volta do Xestal

A volta do coñecido «O Xestal» é todo un feito. Home politizado hoxendía, lonxe quedan aqueles tempos seus das chorimicadas na radio e os discos da folclorada intempestiva. Carlos «O Xestal», agora fai poemas deste xeito aló en Baldaio, onde vive, traballa e soña:

Caciques de Bergantiños
que mangoneades Carballo,
o inferno agarda por vós
pois téndelo ben ganado.
I-a mártir Galicia chora
por ter fillos tan malvados.

Caciques de Bergantiños
que mangoneades Carballo,
chuchando o sangue do pobo
e o froito do seu traballo,
non estedes xa decote
a pisarnos e roubarnos.

Viles e fementas feras,
¡arredade de Baldaio!,
deixade o que non é voso.
¡Ide comer ó carallo!



CAITANO Por XAQUIN MARIN

PENSARON QUE
COA EMIGRACION
XA TIÑAN O CAM-
PO GALEGO VA-
LEIRO DE HOMES,



E MIRADE POR ONDE
EN XOVE, BALDAIO,
AS ENCROBAS...
VENSE A DEMOS-
TRAR QUE AIÑDA
HAIÑOS DABONDO





Pepa loba cabalga

No intre máis insospeitado, no miolo mesmo da romería e diante das autoridades de turno, a festa do seu pobo pode cambiar de signo. Enriba dun tellado ou baixo da ponte. Onde sexa, o grupo «Pepa loba» está a punto de escomenza-la próxima función.




Secreto do sumario

O pasado dazoito de maio, coma tantos outros. Ou non coma tantos, segundo como se mire. Secundino López Magdalena casou con Rosa Alfonsín Buceta. Home e muller, coma sempre, diante dos santos da igrexa parroquial de Trasariz, axuntamento de Cenelle (Ribadavia). Secundino, viudo. Rosa, solteira. Coma moitas veces. As cousas cambieaban logo: Secundino tiña xa noventa e nove anos cumpridos e Rosa, moi nova ela, sesenta e nove. Non houbo problemas de ningún tipo e todo foron alegrías. A cousa, segundo o noso corresponsal na bisbarra, tivo un estupendo aire de alegría, como está mandado. O que non puídemos chegar a saber, vaia, foi o que pra según quén é fundamental. Non sabemos, non, se o matrimonio foi finalmente consumado. Os vellos, no intre da cerimonia, non parecían moi consumidos. Pro de ahí a consumados... Consumado ou non, son cousas baixo do secreto do casorio. Ou do sumario: ¿cánto contan noventa e nove máis sesenta e nove?

Pode se-la historia dos Irmandiños e as nosas históricas revolucións labregas ou a represión nos colexios xesuíticos ou dos casorios dos xerifaltes... Ou, calquera día, a mismísima historia (enteira e verdadeira) do cacique da súa vila. Unha especie de revolta. Os rapaces do grupo, seica, están dispostos a todo. De paso aproveitan, cousas da Mocidade Galega Revolucionaria, pra lles mandar mensaxes continuados: dereito ó voto ós dazoito anos, decían últimamente namentres representaban. Unha alegría, certamente. No intre máis insospeitado, xa lle decimos. E agora que escomenzan as festas...



NON E QUE LLE DIRAMOS
VOLTA A TORTILLA E QUE
PLUXERON O DIBUXO O REVES





Laxeiro é sempre noticia cando de pintura galega se trata. Este ano, na súa vila, Lalín, foille entregado o título de fillo adoptivo. Nas seguintes liñas TEIMA transcribe unha conversa que o noso colaborador Xavier Seoane mantivo con el no seu estudio de Madrid.

LAXEIRO:

O esperpento, o xogo, o tablado...

Entre cachivaches, lenzos, cadros, Laxeiro recíbenos, coma un alquimista no seu obradoiro de formas, tan retranqueiro e irónico coma sempre... Alí, longamente, fálanos de pintura, de anécdotas, da súa vida, de Galicia...

—«Eu nacín en Lalín. Alí estiven deica os trece anos. Logo leváronme a Cuba. Alí foi onde empecei a dibuxar algo máis en serio. Eu non séi por qué empezara a dibuxar, o que sí séi é que o fixen dende moi cedo: xa na escola, en Lalín, coa primeira mestra nacional que tiven, ós once anos, xa tiña empezado a emborronar... Ela regalábame carboncillos, lápices de cores, e eu facía bonecos nas mesas. Tamén facía discursos, imitando ó cura da parroquia.. pro iso xa é outra cousa...».

—«Despóis, xa digo, a Cuba, onde vivín catro anos, traballando nunha fábrica de manteiga. Polas noites, ía a un centro galego de dibuxo, onde fun discípulo dun bon profesor de dibuxo: un portugués, un tal Oliveira. Daquela dibuxéi moito do natural, láminas, xis, desnudos...».

Mentres fala das súas vivencias, Laxeiro vai amosando cadros e dibuxos, progresivamente. Neles, óllase esa capacidade de mimo e de transformación que caracteriza ó creador que detecta un mundo propio, sobre o que está a gravitar cotianamente. Pro o relato da súa mocidade prosegue.

Os 17 anos, voltéi a Lalín, na bisbarra do cal coñecín a unha chea de tipos extrañísimos... Ademais, foi naquel intre cando contactéi co antroído; cheguéi a «xeneral» del. E sempre ía sen careta, montado nun burro vello, collendo deseguida boa sona... Lembro moito este mundo. Nel, atopéi un cosmos fabulado, cheo de cor e de formas, caricaturesco, humorista e satírico, con máscaras, caretas, disfraces, cántigas».

Nefeuto, en Laxeiro hai unha orxía da forma, fermento e fervenza irracionais, esperpento, mundo lúdico: festa da forma e dos sentidos que —el así o dí— ten as súas remotas claves aquí, nas vivencias da súa mocidade. De ahí tamén, cecáis, ese abigarrado mundo popular, mamado na nenez inmemorial ou na mocidade bulangureira, na Galicia nadal: mundo de carnaval, de antroído ás costas, esmorga, humor, berro e carallada: nunha palabra, a Fes-

ta, como procesión ou retablo nos que o pobo grabóu, anónimamente, con imaxinación e alegría, o títere e a farsa.

—«As miñas cousas son un pouco satíricas: cecáis veña de ahí. Ese contacto coma o da natureza, marcáronme moito. Pra min somos todos bonecos, bonecos da vida; eu vexo a vida así, coma un auténtico carnaval. Aínda que coma un carnaval humanizado: nas miñas obras vese que os bonecos teñen unha certa humanidade».

Laxeiro, de feito, traslada sarcásticamente os homes a bonecos e a vida a puro xogo. Rachando sempre os clichés. Ironizando a vida, pro amándoa. Pasional, pro cun barroquismo visceral, xenuino.

—«Na aldea, eu dibuxaba os retablos barrocos das igrexas dos lugares, as gárgolas, os chapitéis. Alí fixen tamén retratos. A miña obra céntrase fundamentalmente na figura humana. Nela recréome e regocixo. A paisaxe seméllaseme doada demáis, non me gusta».

Desas vivencias, ficóu pra sempre na súa obra o recendo lonxano a románico e barroco galegos, sempre tratados por el imaxinativamente, desfigurados. Con esa liberdade que posee o seu rasgo áxil, valente, radiografía da emotividade, espontáneo, ás veces case automático. E esa forte expresividade tanto no dibuxo coma nas vivas cores. Pro o relato prosegue. A emigración novamente.

—«No ano 51 fun á Arxentina e xa quedéi alí, onde estiven a gusto. E máis: nela estóu máis considerado como pintor ca aquí. Era un bon ambiente, con grande comprensión pra tódolos xeitos de crear. Hai ademais moi

«LA MAJA DEL ESPEJO». OLEO



AUTORRETRATO

bos pintores e moita liberdade pra crear. E un contexto que axuda, apoia ós pintores... dáche folgos pra traballares...»

OS PINTORES, A PINTURA E TODO ISO

—«Colmeiro foi o primeiro pintor que comecei a tratar en Galicia: axudóme con algúns consellos; é un bon artista. No que respecta ó pintor, eu coido que se pode ser analfabeto e pintar ben. E non se necesita ir ás academias: estóu contra os que ensinan a pintura.

A millor canteira é un mesmo, traballando e informándose de todo, dende Altamira... En canto ó dibuxo, coido que o é todo, pois a pintura non é outra cousa ca dibuxo en cores. E máis difícil un dibuxo ca un lenzo; neste sempre podes correxir, naquel non. Eu dibuxo decote...»

Amósanos dibuxos. Sempre, un trazo áxil, libre, pro vigoroso.

—«En pintura hai que se disciplinar. E dibuxar ben, pra deci-lo que se quere, e traballar, porque o pintor nunca chega, está sempre en camiño, coma o albañil: cada día sabe máis do seu oficio, descubriendo... pra min o mundo da pintura é diverso, ricaz, misterioso de seu, que sempre está a sorprender, a inquerar. O cadro, á fin, non é senón un anaco animado de vida, cheo de misterio e emoción, de home, que fala en linguaxe universal. A pintura entra polos ollos, senón non é pintura».

Todo esto óllase na súa obra: descubrimiento, interrogación. Unha linguaxe bulresca, irónica, apaixonada, co home como constelación central. A cada paso, unha chave recóndita, unha sorpresa. Este é un dos seus grandes valores: cuspir pintura, provocar, solprender fabulando. Porque Laxeiro é, como Borges, fabulador. Como Picasso, un paridor, un creador de seu. Como Goya, fondo e escuro (máis claro canto máis escuro).

Unha síntese. Un mundo. A presenza dunha urxencia expresiva que enche de pesadelos o mundo, de paradoxas, de trasnos, cocos, tangaraños, pincharcarneiros, gargalladas. Un mundo ricaz, pululante, suxestivo. Cheo de tebra e camiños. Pra ollar cos ollos deslumbrados do neno, coa inocencia orixe, coa sinxeleza do pobo mesmo.

—«Eu non che sei o que é a pintura. Hai veces que traballas e outras déixalo. Non cho sei. Non sei nada. Sei por onde vou, é como se estiver metido nun mundo do que non sei onde remata; collo o lápiz e vou camiñando por el... non creo no oficio, na maneira... hai que esgarabellar nun mesmo e ir atopando, sempre, ese xogo que é a pintura, crear coma a natureza, pois o home fica anano ó seu carón. Hai que crealo todo. Transformalo todo, crear máis dun mundo, non quedarse, coma a xen-

te quere, estancado, non repetirse. Eu non quero estancarme: pintar é un xogo, é un compromiso consigo mesmo...»

A PINTURA NA PENINSULA. A CRÍTICA

—«En canto á pintura galega, non existe como tal, só hai pintores galegos. Colmeiro, Seoane, Souto, son do millor que se tivo. E toda a valentía da miña xeneración débemoslla a Castela. El abríunos unha chea de camiños á xente que tiñamos aficións plásticas. A súa obra, que mamamos moi cedo, é pedra fundamental pra todos.»

«Quixera nomear tamén a un artista esquecido inxustamente, o pintor Virxilio Blanco, pois morréu moi novo.»

En canto ó que se fai hoxe, coído que hai boa xente nova, valente e leda. Pro que se deben coidar da comercialización, un grande perigo. Polo demás, hai rexurdir; traballo contra a adversidade».

Despóis, Laxeiro pasa a falar da pintura que se fai en España.

—«Na pintura española, hai un desbaraxuste tremendo, do que poucos se salvarán co tempo. O que sí se da,

como en Cataluña ou Euskadi, é que, ó contrario de Galicia, a burguesía merca os seus pintores, promocionándoos. En Galicia ignóraos...».

E a relación Laxeiro-crítica: Laxeiro, un home que se ten enfrentado dabondo con ela.

—«Eu estou en contra de moitos críticos. Só un poeta pode facer crítica, sendo creador e transmitindo a emoción que sentiu diante da obra: é o xeito máis sinxelo, directo e auténtico de facela. Os prólogos sobran.»

Por esta conversa, e pola súa obra,

deducín o feito de que Laxeiro é un home sempre asombrado rente a natureza e a vida. Un pescudador, co seu pincel por ferramenta, no túnel das sombras. A claridade: esta pintura de sombra, de misterio, que nunca foi valorada como merece. Unha obra tan galega como universal que de día en día irá crescendo de talla entre tanta mediocridade e oportunismo ó uso. Rente a moito pseudo-vanguardismo, moita falsificación, moita trapallada, promocionadas pola mafia que envolve decote á arte, este berro quente, dende abaixo, emoción núa, femosura e pulo creador de Laxeiro.

Un home imaxinativo («A miña pintura é imaxinativa»), creador («Unha das miñas preferencias é escribir»), inquietante, sarcástico, que dende a súa primeira e inmemorial exposición en Santiago de Compostela está a nos sorprender co seu ritual de feira ou de tablado, coa súa invocación de vida ó traveso da palabra plástica. Un home que, a remates, é ousado e auténtico ó afirmar: «Eu aínda me sinto como empezando, aínda me queda todo por decir...»



A BONECA

MUSEO CARLOS MASIDE

A importancia da TV xa non é discutida por ninguén. Todos sabemos da súa incidencia na modelación de actitudes, comportamentos e xeitos de pensar, colectivos e quen millo-lo sabe é o aparello de poder que co seu férreo control de este medio amosa ben ás craras o que espera e desexa obter dil. Agora ben: ¿Deica donde pode chegare esa influencia e deica donde ese control se convertirá nun aparente e libre «descontrol»?

Unha posíbel resposta a esta dobre cuestión atópase na última película de Sidney Lumet «Network» (Rede de radio o TV en inglés) que ven de estreñarse en Galicia có título de «Un mundo implacable» e cuio estreno fálanos da axilización dos circuitos distribuidores e da liberalización que está a sufrir a censura nos últimos tempos. Deste xeito a recén galardonada película con catro polémicos Oscars, está xa polos nosos lares ofrecendo un bon punto de reflexión encol dun dos fenómenos máis característicos e influentes do ser social da nosa época.

Prantexada no ámeto da TV comercial dos Estados Unidos, afogada pola competencia e movída polos índices de popularidade que atraen os anuncios (base económica da empresa) «Network» aborda un caso extremo de aproveitamento do impacto que causa o anuncio do suicidio no seu programa por parte dun presentador a piques de ser despedido.

Si esta é a anécdota inicial, o desen-

Medios de comunicación

Profecía e desacougo

Por XAN MANUEL NUÑEZ

rolo posterior da ocasión pra prantexar moitos e difíciles problemas, que cicais fagan a película moi complexa e un pouco longa de máis. Nembargantes, a posibilidade de ver a actuación duns executivos sen escrúpulos que dispoñen a manipulación sutil dos programas sin deterse en nada, chegando deica o asasinato, e ca lóxica exclusiva do aumento de beneficios, pon unha nota de alarma no que podería ser un futuro baixo o imperio da pantalla máxica e dós que a dominan.

E é aquí donde está a chave de esta película. «Network» fai o que poderíamos chamar «socioloxía ficción», anque esteña baseada en datos e situacións actuais. Howard Bill, o presentador suicida, convírtese nun profeta alucinado o que se lle permite toda denuncia por moi directa que sexa e escomenzando pola propia TV e o su gran aparello económico, como elemento alienante e continuo decidor de mentiras. Un gran enigma queda prantexado: ¿Poderáse acadar esa situación na cal as masas domesticadas na continua im-

potencia de non poderen cambiar nada, reciban as denuncias, non coma unha chamada á acción, senón coma un espectáculo consolador das suas frustracións cotidiáns? A escena de milleiros de personas saíndo ás fiestras e berrando «Estou farto e non quero seguir aturándoo» fala soio de desafogo, non de cambio, e fainos lembrar o celtibérico antecedente do doblaxe colectivo de culleres «conducidos» polo Uri Geller.

¿Pode ser todo esto o primer indicio dun futuo supercapitalita universal, dono de vidas e destinos, patrón do traballo e orientador do ocio, tal como o explica Mr. Jensen, o superempresario rexidor dun mundo sin ideoloxías e cheo de xente contenta e interesada na obtención de beneficios no «negocio común universal»?

Lumet denuncia con estas hipótesis proféticas que a uniformidade xeral obtida, permitiría a existencia e espallamento público de posturas seudorevolucionarias, que por marxinales reduciríanse a seren soio eso: un espectáculo televisivo sin ningunha incidencia so-

cial e obxeto de comentarios máis ou menos aburridos. Neste senso, a presentación dun grupíño terrorista, tipo Exército Simbiótico, é, por esquemática, inapetabel dende a nosa situación, pero non moi alonxada da realidade americana, na que a imposibilidade dun cambio social, está a xenerar un fondo pesimismo en moitos dos seus intelectuais e dos que Lumet pode ser unha boa mostra.

Este é o seu final. Dende a alegórica denuncia que fixera da persecución de McCarthy e a «caza de bruxas» en «Twelve Angry Men» (1956), pasando polas visións realistas dos problemas americanos en «The Group» ou «Tarde de perros», chegamos a esta última e pesimista visión dunhas masas idiotizadas e dependentes por completo dos mensaxes da TV. En certa forma, é a consecuencia lóxica daquela impotencia que expresaba o seu persoaxe da película «Serpico», cando derrotado pola corrupción reinante na policía, decidía «escaparse» a Suíza como única solución.

«Xa non quedan moitos coma nós». E a desfeita da cultura rural, que aínda resiste. Esta é a crónica dun obradoiro de gaitas, no sur de Pontevedra.

«A tradición musical destas parroquias estragóuse toda»

As gaitas de Xinzo

Hai que chegar a Santa Mariña de Xinzo, pola carretera Vigo-Ourense, a pouco de chegar a Pontearreas, e preguntar polos irmáns García, que teñen o taller das gaitas. Hai unha desviación á esquerda por unha pista sin asfaltar, cáseque corredoira (aunque pode pasalo coche) e axiña ven o pequeno obradoiro, feito de bloques de hormigón, cativo, cunha estufa vella no medio, das de carbón, que serve pra quenta-la auga e os barnices o mesmo que pra mata-lo frío no inverno.

Beremundo fai as palletas, paseñamente, sin presa ningunha, dalle que dalle á navalla, «e teñen sonda de seren as millores palletas de toda esta banda. Veñen buscalas de lonxe», dínos o pai. Edelmiro dalle ó torno. De cando en vez, cando chegan visitas, ou hai veciños de confianza, faise un descanso, próbase un viño limpio, cristiño, da casa, e Edelmiro toca na gaita (unha gaita vella, con punteiro de ébano) muiñeiras, ribeiranas, algunha marcha. Logo ven o máis novo dos irmáns, Xosé, que máis ben leva as relacións públicas e viste os instrumentos unha vez rematados.

CORNETAS CANDO A GUERRA

O taller dos irmáns García, na parroquia de Xinzo, é cousa do seu tío. «Noutro tempo eiquí, por todas estas parroquias, por Areas, Cristiñade, Guláns... había unha grandísima tradición musical —dínos o pai dos García, que tocaba a caixa e mailo bombardino hai anos—. Cada parroquia cáseque tiña unha música e o meu irmán, xunto ca min e outros veciños, chegou a crear eiquí unha daquelas músicas. Ibamos dar concertos polas feiras, polas festas cando o vran... O meu irmán era un ver-

dadeiro artista, aunque a cousa da música e a gaita xa ven de familia, dos meus abós, etc».

No taller dos García, cando a guerra, fixéronse cornetas pró exército. «Os militares traían a follas de lata e nós encarrigábamonos do resto. Fixemos unha chea delas e saían moi ben». Agora adícanse por enteiro ás gaitas.

¿Qué rentabilidade se lle pode sacar ó negocio? «Hai unha demanda importante nestes tempos sobor de todo pola xente máis nova que anda a descubrir un pouco o instrumento. Eso sí, aqueles gaiteiros das parroquias que denantes había a moreas desapareceron cáseque todos. O último que había por eiquí, na parroquia de Areas, deixou escrito que o enterraran xunto co seu punteiro, un punteiro especial, de madeira negra, que lle fixemos eiquí».

«Pra que esto fora realmente rentábel —conta Edelmiro— había que ter máis xente, un obradoiro máis grande, con millores instalacións, pra producir máis. Hoxendía non somos capaces de facer todo o que nos piden, e traballando coma traballamos nós, a man, a xeito, facendo ben as cousas, unha por unha... xa me dirá».

AS MELLORES MADEIRAS

«As mellores madeiras son as negras: o ébano, o pau rosa. Pro son madeiras moi caras. Logo está o buxo, que é do que se fan as gaitas máis caras, logo o freixo e, xa máis barato, é unha madeira que nos chega de Guinea».

Hasta hai pouco o fol da gaita facíase de pelexo de carneiro. Agora xa ven de goma de llanta ou de «fundido», que son máis prácticos. Os prezos varían segundo a dificultade do instrumento, segundo leve sómentes ronco e puntei-

ro ou se lle poña tamén ronquillo, ou chillón. «Unha gaita con ronco, ronquillo, chillón e punteiro é un verdadeiro órgano, aunque ten as súas dificultades pra tocar. O ronco, ronquillo e chillón manteñen diferentes notas, sin variación, e o punteiro fai a escala».

Detrás de Beremundo están colgadas as plantillas pra construír os punteiros e afinalos a xeito. Foi Faustino Santalices, precisamente, dos que máis traballaron nestas plantillas e mesmo llas deixaba a todos aqueles que se adicaban á construción de instrumentos. Hainas en sol, en do (brillante ou normal), en la e en re, que é a gaita grilleira. «Agora xa se foi perdendo por eiquí, pro cando o meu pai e o meu tío había unha chea de xente que tocaba a gaita, e todos de orella, ou cáseque todos».

«EU VOUME PRA VIGO»

«Qué eu saiba non hai moitos coma nós, non. Había en Lalín hai pouco, e na Estrada, pro coído que xa non traballan. ¿En Melide? Non sei. Na Diputación de Lugo penso que aínda siguen a traballar nesto».

Edelmiro, sin embargo, o home do torno, quere marchar prá Citroen, en Vigo. «Estou agardando que haxa un sitio e vou pra alá. Isto tampouco é vida». ¿Por qué non é vida? «Porque non, porque as cousas non están en condicións pra traballarmos axeitadamente, con rentabilidade, porque necesitaríamos te-lo todo artellado doutro xeito...». Beremundo, que traballa nas palletas, ten unha man inútil. Mira pró irmán con aceno conformista. ¿E ti qué pensas? «El verá o que mellor lle convén».

Xa non quedan moitos obradoiros como este. Os irmáns García traballan



G. LUCA DE TENA

SON AS MELLORES PALLETAS

tamén as leiras. E sin embargo a demanda, coma din eles, é cada día máis grande. ¿A materia prima? «O máis importante é o buxo. Non hai moito tampouco, pro nós collémolo por eiquí, aunque a xente, dun tempo pra acá, prefire non vende-lo. E un arbre cativo, que medra moi a modo, moi lentamente. A madeira é cara». Un mariñeiro de Xinzo, que non é terra de mar pro que ten unha gran tradición de comercio do peixe que van coller a Vigo, trouxo un día un gran oso de ballena pra que Edelmiro lle fixera un punteiro. Traballaron e traballaron naquela madeira dura como un croio. «Pro logo non servíu pra moito, a pesares do duro que era, porque tiña poros e non iba ben».

E a desfeita dunha cultura rural, agraria, que aínda resiste. Pro sómentes eso: resiste, sin unha planificación axeitada, nin comercialización boa tampouco, mesmo a pesares da demanda. O interesado non ten que perder tempo pra facerse coa súa gaita, traballadiña a man, coidada, agarimada rente da estufa do taller, a pouco de chegar a Pontearreas, collendo pola man esquerda, por un camiño cáseque de carro. «Non hai máis que preguntar polos García. Xa todo o mundo sabe».

«TIÑAMOS QUE SER MAIS, TER MAIS SITIO, MAIS FERRAMENTAS...»



G. LUCA DE TENA

O HOME DO TORNO



PICARAÑA



Cines nacionais

Celebróuse en Sant Feliú de Guíxols (Costa Brava) o II Simposio de Estudos Cinematográficos. Nesta ocasión, o tema central foi o «Cine das nacionalidades». Miquel Porter Moix e Pedro Luis Cano dirixiron o carro. Galicia estivo representada por Xosé Luis García e Luis Alvarez Pousa, compañeiro noso de redacción. O primeiro deles presentou a situación política na que nace un cine galego, facendo un recorrido histórico - cinematográfico por esa antoloxía de películas que fixeron das lareiras, pradeiras, corredoiras e pedras en desuso un «bonito» e folklórico mosaico pra «delectación» de donas e forasteiros apampanados. Pola súa banda, Alvarez Pousa analizou o que se leva feito até agora. Anque non se pode falar de «cine galego» propiamente dito, sí se pode e se debe falar dun movemento cinematográfico galego que xa tén unha vintena de resultados concretos. Reivindicou o concepto de «Cines nacionais» como superadores de adxetivacións —marxinal, independente, amateur— que agora tanto se estilan. Rematou a súa ponencia pedindo que no comunicado final se especificasen varias esixencias: que os cines nacionais impoñan a súa existencia a efectos administrativos, o que terá que ser coherente cunha política cultural que á súa vez estea potenciada pola realidade das liberdades nacionais; supresión do NO-DO e que as súas instalación e medios pasen a ser propiedade colectiva dos futuros realizadores que farán con total liberdade as súas prácticas no idioma que teñan por oficial segundo os diferentes cines nacionais de que se trate; que os centros chamados «rexionais» de TVE sexan desde prantexamentos nacionalistas —o que por lóxica esixirá tarde ou cedo a súa propiedade e administración colectiva— vehículos pra que as películas dos cines nacionais; finalmente, que se argalle con urxencia unha coordinadora a nivel de Estado, a partir dos organismos cinema-

tográficos xa existentes ou en vías de existir en cada unha das nacionalidades. Participaron representantes de Euskadi, Países Cataláns, Canarias, Andalucía e Aragón. En crónica máis ampla informaremos noutro número.

TVE - GA

Xa rematou a campaña. Xa hai xente elixida. Xa faláron todos e todos dixeron frases, palabras... Gastáronse moitos kilómetros de papel, inxenios, cartos e imáxenes. Sobre todo imáxenes. Falar de Felipe González é pensar traducindo unha imaxe. E así todos. Ou casi que todos. Porque díganme senon cáles foron os beneficios que tiveron os partidos e coalicións galegos que «posaron» prás cámaras desa casa da rúa de Villar que dirixe un home de dereitas —profraguista— chamado Eugenio Pena. Máis ben o resultado foi unha contraímaxe dos líderes políticos —dos que polo menos son chamados líderes políticos—. Facer campaña televisiva non é aparecer na pantalla simplemente. Todo o que é comunicación se fai con linguaxe. E cada linguaxe necesita o seu propio medio. Así, o do medio televisión será aquilo que conecta, sempre a nivel de imaxe, co campo de comprensión no que se move o auditorio (os televidentes), polo que se necesitan signos, símbolos, expresións populares e hastra sonidos de significación propios. A cámara entrará necesariamente no xogo lingüístico exercitando a súa propia sintaxe. Pro nada desto se deu na realización dos espacios televisivos adicados pra que cada partido ou coalición electoral presentase o seu programa e tamén as súas ideas. Xa os políticos non teñen idea —demostrárono— do medio de comunicación no que estaban. Non se pode comunicar cómodamente —con efectividade— unha idea cando a composición diante da cámara é retorcida, dando a sensación de pesimismo e de derrota. Pero a esta inexperiencia, en certo senso xustificada porque sempre foron os grandes ausentes, sumóuse esa conxeladora forma de facer televisión política. A non ser que a inexperiencia dos políticos tivera eiqú a súa correspondencia na palabra «despreocupación».

Escolma/TEIMA

XAVIER COSTA CLAVELL

Las dos caras de Galicia bajo el franquismo.

Editorial Cambio 16.
Madrid, 1977. 335 paxs.



Hai pouco que chegou a nós o «Perfil conflictivo de Galicia» que o mesmo Costa Clavell publicou na editorial «Galba» de Barcelona. Agora sae este novo traballo do escritor galego, residente en Cataluña, sobor da presenza do franquismo en Galicia e as dúas realidades do noso país (a oficial e a secuestrada) ó longo destes últimos corenta anos, dende 1936, a pouco de votaren os galegos o seu Estatuto de Autonomía, ós anos 70.

Trátase dunha longa crónica, documentada, da historia do noso país dende a guerra civil cunha atención especial, sobor de todo, á historia que ninguén contou, que non se podía contar, agachada, secuestrada, perseguida: a resistencia ó franquismo, a loita guerrilleira, os movementos políticos, o fronte cultural dos anos 50, a presenza do marxismo no nacionalismo galego dende o Consello da Mocidade en 1964, o nacemento da UPG, as loitas

populares, a loita cultural, a política e conversas cos protagonistas nistración, etc. Todo con nomes e apelidos alí onde se pode e hai documentación.

O libro é moi interesante polos feitos que nos conta. Polo demais, o sistema de traballo de Costa Clavell é coñecido: recolleita de bibliografía sobor do tema (cicáis son longas en demasía moitas citas dos libros, que poderían estar refeitas e máis traballadas), traballo longo de hemeroteca e conversas cos protabonistas deste tempo que aínda poden conta-lo. O lector ten nas mans una crónica ou reportaxe histórico, con tódalas ventaxas de axilidade e amenidade do bo traballo periodístico, con tódalas súas limitacións tamén: non se trata dun análise en fondura, dun ensaio histórico. E unha interesantísima crónica, un viaxe afervorado no tempo (tan perto de nós) que lemos de seguido, que xa é de agradecer. V.F.

cartas a dirección



RECUPERA-LOS MONTES VECIÑAIS

Sr. Director: Quixera primeiro darlle a horaboa polo traballo que están facendo coa revista, en amaño do noso pobo. Boa falla facía. Denantes, aquiles menos cultos, inda por riba, si che escoitaban a fala galega nas cidades ollábante coma un trocallo.

Sempre que se poida publicar a carta vou espricar un contíño que sei.

No concello de Guntín, provincia de Lugo, o gran monte do Ladairo, foi adicado a varias parroquias fai moito tempo. O cacho que tocóu á de Pradedá viñérono traballando moitos deles antes da Guerra Civil. Alí collíanse froitos e máis pacían as vacas. Despóis da guerra o famoso alcalde, Mera, que según din os vellos «non foi pao de boa fenda», déullelo ós do Patronato Forestal do Estado coma se fora il o amo.

Algús dos veciños máis achegados ó monte puxéronse a loitalo e cada un tivo que botar do seu peto o que custaba unha boa parella de bois naquiles tempos.

O xuicio saliu polos anos corenta e tantos e publicóuse no B.O.E., e por outra banda, puxeron un papel no concello de Lugo e outro en Guntín dándolles o dereito ós veciños que foron á custión. Máis nada se soupo daquelas. A xente tiña aínda o medo nos peitos e como andiveran detendo homes doutras parroquias e multando ó seu antoxo, cáseque non se salía do pobo.

Agora atoparon ó letrado que defendeu a custión e xa fai algún tempo que fixeron a reivindicación do que lles estiveron usurpando tantos anos. Mais non houbo resposta aínda. ¿Cándo se saberá algo disto?

Xa se sabe que temos caciques polo medio, pois os beneficios dos pinos non foron parar ós veciños e sonlles malos de deixar de chupar. Ademais, hai quen colle cartos traballando no monte pra ICONA. Os veciños da loita teñen papéis que detallan as cousas como foron e cómo están os seus dereitos. ¿ICONA é xorda?. Non sei se será cega tamén.

Sería mellor que iste choio o espallara ou desenrolara un xornalista.

A tirar pra diante tódolos galegos asoballados polo poder e polo capital abusivo.

Moitas gracias por poñer a carta na revista.

E pídlles ós de Madride que non se veñan aproveitar dos ignorantes, que nós queremos, e desexamos, os que nos damos conta de todo, unha GALIZA XUSTA E CEIBE.

Maria Divina Varela Pérez
Avda. Galicia, 118, 1º
Vigo

* * *

«SECTARISMO ANTICIENTIFICO»

Sr. Director: Quixera pedirle a publicación destas verbas despóis da saída no número 23 da revista da súa dirección dun traballíño meu sobor dos «Efectos das radiacións sobre a saúde». O artigo foi enviado antes da publicación do editorial número 19 (teño no meu poder o resguardo de certificación pra dar testemuña desta afirmación e evitar díste xeito que se me chame mentiroso como fixo TEIMA con Ramón Valcárcel, do que me sinto fondamente solidario), nese editorial tidoado «Os novos Mesías» a súa revista toma partido claramente antinacionalista e polo tanto apúntase no bando do españolismo militante, botando ao chan a súa tan cacarexada independencia.

Desta falla de independencia e do sectarismo anticientífico da revista, escoitara falar, mais o meu alonxamente físico de Galicia non me permitía ollar ista realidade. Oxe decátome e láíome da miña colaboura con TEIMA.

Calificaría de noxenta a actitude abertamente belixerante que mantén a revista en contra do Bloque Nacional-Popular Galego ao que me sinto vencellado. Coido non embargantes que iste vencello partidario non me impide ser obxectivo ao xuzgar, oxe xa sin medo a eivar-me, a TEIMA como exemplo do que non debe ser unha publicación autodefínida como galega, independente, nacionalista e non sectaria.

S.L. Temes Montes
General Perón, 32, 10º D
Madrid

AS LIORTAS CONFUNDEN

Señores redactores de TEIMA: Diríxome a Vds. pra ocupar un anaço da páxina da revista que leva por tidoado «Cartas á Dirección».

Veño ouservando que dende que Uds. pola súa banda dan opinións sobor de certos temas con tíduos relixiosos («Os novos Mesías», por exemplo) parece que xa teñen, polo que se ve, cuberta e garantizada esta páxina por longo tempo.

Asomella que ás súas opinións, certa parte do pobo contesta co seu descontento, producíndose así un clima de liortas nas que tódolos que estamos sucritos ou mercamos TEIMA, ollámonos envoltos. Eu pregaríalles, se fose posíbel, que nos amosarna dunha vez por todas o seu xogo, e deixáranse de liortas que non fan máis que confundir á xente que xa está dabondo confundida.

Namentras, seguimos sufrindo as consecuencias dunha industrialización irracional, nuclear e noxenta, produto dun asoballamento do capital monopolista español, ás que respostamos con liortas entre nós mesmos, que sóío veñen beneficiar ó Estado Imperialista, creando confusión antre o pobo.

Francisco Oti Ríos
Cabanas (Pontedeume)

* * *

MAIS PAXINAS CULTURAIS

Sr. Director: Discúlpeme por non saber escribi-la nosa liengua.

A mín non me enseñaron no colexio que non era «fino».

O seu editorial do número 20 non ten desperdicio e quero felicitalo de todo corazón polo que nel se dí.

Somentes un rogo; nin de esquerda, nin de dereitas, nin do centro, sóío galegos ceibes.

Quero felicitalos e desexo que medren coa súa revista que polo de agora tamén teño como miña.

¿Non sería posíbel sacar máis páxinas culturais adicadas ós nosos escritores, poetas, homes de ciencia pra conocelos millor, amalos máis e defendelos?.

Saúdos.

Isabel Pereiro de Neto
Millán Astray, 18, 5º A
Madrid 24

A TRADICION XORNALISTA DE RIBADAVIA

Sr. Director: No número 23 de TEIMA e nas follas adicadas a Cultura temos un artigo tidoado «A prensa nas vilas», no que se nomean pobos como A Estrada, Lalín, A Cañiza e outros que tiñan xornales de seu. Abraíóume que nise traballo esquecérase a Ribadavia, xa que naquel entón tiña tres semanarios nun tempo: «El Ribadaviense», decano de los diarios de España, «El Noticiero del Avia», conservador, e o «Ris-Ras», humorístico.

Coido que si un redactor dista revista anduvo dous días polos nosos eidos conquerindo información sobor o «Far West en Ribadavia», pra falar do que xa se falara, ben poido o autor de «A prensa nas vilas» vir tamén xunto a nós pra enterarse ca vila xudía do Ribeiro é sin dúbida a de meirande tradición xornalista na Galiza. Moitas gracias.

Lolín, Lira e Pousa
San Francisco, 7
Ribadavia (Ourense)

CARBALLOS NO LUGAR DOS PIÑEROS

Sr. Director: Coma galego que son de nacemento e da i-alma, quérovos dar forzas pra que a vosa laboura non deixe de ser, pra que se erga o noso pobo.

Tiven que emigrar a Madrí pra estuda-la carreira de «inxenieiro forestal», a que máis falla fai prá nosa Terra. Estóu lonxe, en terra estrana. Parésceme que son eu o úneco galego que escomenzóu iste ano a carreira. Ollando isto e o xeito como están hoxendía os nosos boscos e montes, pergúntome: ¿non compre faquer na nosa Terra unha Escola de Inxenieros Forestais pra que haixa galegos que loiten por faguer da nosa Terra terra de carballeiras, castiñeirais, bidueirais, etc, dos nosos antergos, afogando ós «estraxeiros» e galegos alleiros que a están poboando de piñeiros, i eucaliptais que zugan a nosa Terra, facendo áceda e probe?. ¿lmos deixar que fagan da nosa Terra un deserto coma o que eles teñen?. A miña resposta é moit forte. E millor que cada un cavile a de seu.

«ERGUER GALIZA CEIBE! ¡EI CARBALLEIRA!

Iñacio López de la Osa
General Orgal, 3, 6º C
Madrid

Se quiere seguir tendo
 unha **teima** independente,

¡¡ suscríbese!!

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
 (Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º
 XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º
 IMPOSTO EN DATA
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
 (Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º
 XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º
 IMPOSTO EN DATA
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradecer lles que co  c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,

Millóns de nenos condenados a morte.

Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono